



Ciudades  
Amigas  
de la Infancia



# CONCELLO DA LARACHA

Diagnose da situación  
da infancia e da  
adolescencia



Ciudades  
Amigas  
de la Infancia

## Índice

1.	Introdución.....	5
2.	Obxectivos.....	6
3.	Metodoloxía.....	8
3.1.	Información de axentes chave.....	8
3.2.	Encontros Participativos.....	9
3.3.	Análise de Fontes Secundarias.....	14
3.4.	Resumo das Técnicas de Investigación.....	15
3.5.	Alcance.....	15
4.	Introdución contextual.....	17
5.	Poboación.....	18
5.1.	Fecundidade.....	19
5.2.	Idade e envellecemento.....	20
5.3.	Saldo Vexetativo.....	22
5.4.	Migración.....	23
6.	Economía e Emprego.....	30
7.	Centros Educativos.....	33
7.1.	CEIP Alfredo Brañas.....	34
7.2.	CEIP de Caión.....	35
7.3.	CEIP Otero Pedrayo.....	36
7.4.	IES Agra de Leborís.....	39
8.	Outros Recursos en Materia Educativa.....	41
8.1.	Axudas Para Material Escolar.....	41
8.2.	Programas de Integración Escolar.....	41
8.3.	Concienciación e sensibilización.....	42
8.3.1.	Igualdade e Convivencia.....	42
8.3.2.	Medioambiente.....	43
8.3.3.	Seguridade Viaria.....	43
8.3.4.	Adiccións.....	44
8.3.5.	Competencias Parentais.....	45
8.3.6.	Hábitos de Vida Saudables.....	45
8.4.	Programas de conciliación.....	46
8.5.	Formación en Idiomas.....	48
8.6.	Reforzo Escolar.....	48



8.7. Recursos Disponibles de NTICs nos Centros Educativos .....	49
8.8. Absentismo Escolar .....	49
9. Mobilidade e Accesibilidade .....	51
9.1. Formas de Desprazamento .....	51
9.2. Mobilidade Activa .....	54
9.3. Sinistralidade e Seguridade Viaria.....	56
9.4. Accesibilidade.....	60
10. Servizos Sociais.....	60
10.1. Integración Social .....	60
10.2. Diversidade Funcional .....	62
10.3. Servizo de Atención Temperá .....	63
10.4. Intervención Familiar .....	64
10.5. Violencia de Xénero .....	65
10.6. Atención e Prevención de Adicións.....	66
11. Recursos Sanitarios .....	66
12. Actividades Culturais e Deportivas.....	67
12.1. Actividades Culturais e Deportivas Municipais .....	67
12.2. Actividades para NNA das Asociacións Culturais e Deportivas.....	69
12.2.1. Club Patín Conxuro.....	69
12.2.2. A Casa da Música.....	70
12.2.3. Unión Deportiva Paiosaco.....	70
13. Ocio e Tempo Libre .....	71
13.1. Tempo Libre Disponible .....	71
13.2. Espazos de Ocio e de Tempo Libre.....	73
13.3. Actividades No Tempo Libre .....	76
13.4. Autonomía no Tempo Libre .....	78
14. Espazos Municipais e Espazo Público.....	80
14.1. Espazos de Titularidade Municipal.....	80
14.2. Espazos Verdes.....	81
14.3. Viario Público .....	82
14.4. Satisfacción Co Espazo Público.....	83
15. Participación e Gobernanza .....	84
16. O Mundo que queremos .....	86
17. Análise DAFO .....	90



17.1. O dereito a ser Valorado/a, Respectado/a e Tratado/a Xustamente .....	91
17.2. O dereito a ser escoitado .....	92
17.3. O dereito a servizos esenciais .....	93
17.4. O dereito a vivir en contornas seguras e limpas .....	94
17.5. O dereito a ser neno/a .....	96
18. Validación .....	97
18.1. Validación da Diagnose por parte do EICI .....	98
18.2. Validación da diagnose por parte do EPIA .....	99
19. Conclusións.....	102



## Introducción e obxetivos

“En calquera municipio, o benestar dos nenos, nenas e adolescentes debe ser garantido por todas as áreas municipais e depende, en gran medida, das políticas locais que se leven a cabo”



## 1. INTRODUCCIÓN

O presente documento ten como labor fundamental a de diagnosticar a situación dos nenos, nenas e adolescentes (en adiante resumido como NNA) do municipio da Laracha, dende dunha metodoloxía na que se circunscriban unha diversidade de técnicas de investigación que expoñan a realidade da infancia e da adolescencia larachesa, da forma máis completa e concreta posible, traballada dende unha óptica participativa, e na que se teña en conta as voces dos NNA e os axentes implicados dende outras idades (equipos directivos e docentes dos centros escolares, concelleiros/as, asociacións e clubs, etc.). Con esta diagnose, ademais, outórgase unha base fundamental para o desenvolvemento de melloras que permitan avanzar cara unha construción dunha localidade comprometida coa infancia e a adolescencia a través do **I Plan da Infancia e da Adolescencia**. Aquel que teña como base que as súas voces sexan escoitadas, na que se loita en contra da discriminación e na que a sociedade e as institucións teñen como fundamento o dereito dos NNA para avanzar cara o seu máximo desenvolvemento e autonomía.

Do mesmo xeito, este compromiso municipal cos dereitos da infancia e da adolescencia pretende contar co recoñecemento dunha das principais institucións nesta materia, como é **UNICEF**. É por iso que, o presente documento non só pretende ser a base desa planificación de mellora da situación da infancia e da adolescencia, trátase tamén dun elemento chave e fundamental para acceder ao recoñecemento como **Cidade Amiga da Infancia**, como reflexo do seu compromiso cos nenos, nenas e adolescentes.

Por último, o contido da diagnose comeza cunha presentación do desenvolvemento da metodoloxía participativa e, posteriormente, a obtención dos resultados a través de apartados temáticos que recollan de forma conxunta os resultados obtidos na diversidade de técnicas empregadas. Por último, contarase con un apartado de conclusións, a través da análise de resultados conxunto, e que sexan recollidas a través de metodoloxía DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades). Para finalizar, recolleranse un apartado final de propostas e recomendacións, resultado da análise da información obtida ao longo da diagnose.



## 2. OBXECTIVOS

Para o desenvolvemento da diagnose, foi necesario o establecemento dunha serie de obxectivos para articular sobre os mesmos as diversas metodoloxías empregadas, sendo os mesmos:

- **Obxectivo Xeral**
  - *Coñecer a realidade e as potencialidades da infancia e da adolescencia do municipio da Laracha*
- **Obxectivos específicos:**
  - Identificar situacións que afecten ao benestar da infancia e da adolescencia
  - Detectar dificultades e obstáculos que incidan especialmente na realidade da infancia e da adolescencia e nas súas posibilidades de desenvolvemento pleno no municipio
  - Identificar os elementos clave da percepción que os NNA teñen da súa realidade, do municipio e das áreas claves onde debería incidirse
  - Dotar dun marco de coñecemento válido ao Concello e ao resto de axentes sociais do municipio para articular políticas públicas dirixidas á infancia e a adolescencia, e ás súas contornas de apoio e desenvolvemento
  - Coñecer e analizar as situacións da infancia e a adolescencia no municipio
  - Identificar problemáticas, potencialidades e demandas relevantes que afectan á situación e dereitos da infancia e a adolescencia (a través da mirada das persoas adultas e dos propios NNA)



## Metodoloxía

“Os nenos e as nenas temos unha forma distinta de ver o mundo, polo que, se se nos escoitase, podemos aportar novas ideas nas que os adultos non se paran a pensar.”



### 3. METODOLOXÍA

Para o desenvolvemento do presente documento, e coa intención de impulsar o I Plan de Infancia e Adolescencia do Concello da Laracha, foron empregadas un conxunto de técnicas e abordados un conxunto de axentes que garanticen unha diagnose completa e concreta nos elementos chave dos Dereitos dos NNA, os seus recursos e as súas características propias. Nese sentido, desenvólvese unha metodoloxía mixta, na que a información se atopa a través de métodos cuantitativos e cualitativos, coa intención de abordar do mellor xeito posible a diversidade de factores implicados na infancia e na adolescencia.

#### 3.1. INFORMACIÓN DE AXENTES CHAVE

Unha das técnicas levadas a cabo foi a realización dunha entrevista a axentes chave no referido ao desenvolvemento da infancia e da adolescencia do municipio. As mesmas foron realizadas a través da creación dunha base de datos para cada un dos axentes, nos que se abordaban variables cuantitativas e cualitativas que debería ser cuberta, dentro da información dispoñible, e que quedaba aberta á posibilidade de engadir calquera outra variable que os axentes visen como interesantes a engadir na presente diagnose.

Así, os axentes implicados foron os seguintes:

- Persoal técnico municipal
- Concelleiros/as
- Centros Educativos
- Asociacións
- ANPAs

Para os tres últimos foi necesario un traballo previo de información respecto ao proxecto do Plan Local da Infancia e da Adolescencia, cuestión realizada a través dos diferentes encontros participativos.



### 3.2. ENCONTROS PARTICIPATIVOS

Como forma metodolóxica e como labor de información e divulgación, foron celebrados encontros participativos nos que participaron, por unha banda, as ANPAS dos diversos centros educativos de educación primaria e secundaria, outro no que foron convidadas diversas entidades do tecido asociativo larachés e un total de 13 encontros celebrados no grupos-aula de 5º 6º de Educación Primaria dos diferentes CEIPs e nos grupos-aula de 1º e 2º da ESO do IES.

Nos mesmos, foi realizada unha inicial labor de divulgación respecto ao I Plan da Infancia e da Adolescencia da Laracha y como poderían colaborar no mesmo, incluído a participación na recompilación do datos das entrevistas a axentes chave. E, por outra banda, contaron con unha fase participativa na que foi realizado un cuestionario interactivo. Neste cuestionario, contábase cunha batería de preguntas en relación coa percepción adulta de diversas cuestións dos nenos, nenas e adolescentes:

- Tempo libre
- Autonomía dos NNA
- Mobilidade e seguridade

Así, con estes resultados, preténdese realizar unha comparación entre a perspectiva adulta e ás dos nenos, nenas e adolescentes. Ademais, coa intención de que se tratase dunha dinámica o máis interactiva e participativa posible, as preguntas estaban abertas a calquera intervención ou aportación por parte das persoas participantes, sendo esta información recollida por parte do persoal dinamizador.

No caso dos encontros participativos celebrados nos centros educativos, contaban cunha dinámica similar ás dos dirixidos a adultos: información e divulgación e investigación participativa. Mais, compre sinalar que o proceso de información contaba con unha inicial formación en materia de participación (que é, como se pode facer, onde se pode facer, sobre que, etc.) e, tamén, cunha explicación sobre as funcións dos membros/as do Órgano de Participación da Infancia e da Adolescencia.

Tamén, a través dun cuestionario interactivo e cunha dinamización que favorece o debate entre as persoas asistentes, foron tratadas as seguintes cuestións:

- Satisfacción co entorno e co municipio
- Mobilidade activa e segura
- Uso de espazos
- Actividades extraescolares



- Ocio e tempo libre
- Participación no Órgano de Participación da Infancia e da Adolescencia

Táboa 1. Resumo dos encontros participativos celebrados no marco do desenvolvemento do I Plan da Infancia e da Adolescencia

Tipoloxía	Sub-tipo	Data de celebración	Número de participantes
Encontros con adultos	Encontro co persoal directivo dos centros educativos	18 de xaneiro de 2023	8
	Encontro co profesorado dos centros educativos	30 de xaneiro de 2023	5 (CEIP Otero Pedrayo)
		1 de febreiro de 2023	2 (CEIP Alfredo Brañas e CEIP de Caión)
	Encontro coas ANPAs dos centros educativos	15 de febreiro de 2023	6
	Encontro co tecido asociativo	16 de febreiro de 2023	19
	Encontro co tecido asociativo (telemático)	2 de marzo de 2023	1
Encontros con NNA	Encontro co alumnado do CEIP Alfredo Brañas	1 de marzo de 2023	38
	Encontro co alumnado do CEIP de Caión	1 de marzo de 2023	17
	Encontro co alumnado do CEIP Otero Pedrayo	30 e 31 de marzo de 2023	136
	Encontro co alumnado do IES Agra de Leborís	17 e 18 de abril de 2023	75


No referido aos encontros co alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria dos diferentes Centros Educativos do municipio, a participación alcanzada foi de 191 nenos e nenas, distribuídos do seguinte xeito:

- CEIP Alfredo Brañas: 38
- CEIP de Caión. 17
- CEIP Otero Pedrayo: 136



Respecto ao xénero, o alcance foi seguinte:

Gráfico 1. Distribución por xénero dos encontros co alumnado de 5º e 6º dos CEIPS da Laracha



Fonte: Encontros Participativos celebrados nos CEIPs.


Táboa 2. Distribución por xénero dos encontros co alumnado de 5º e 6º por CEIP

Centro	Nena	Neno
CEIP Alfredo Brañas	17%	22%
CEIP Caión	11%	8%
Otero Pedrayo	72%	69%

Fonte: Encontros Participativos celebrados nos CEIPs.

Por outra banda, nos 4 encontros celebrados no IES Agra de Leborís contouse coa participación de adolescentes de 1º curso da ESO, entorno os 12 e os 13 anos. En total, contouse cunha participación de 75 adolescentes, sendo 36 alumnas e 39 alumnos. Alcanzando a seguinte distribución:

Gráfico 2. Distribución por xénero dos encontros co alumnado de 1º da ESO do IES Agra de Leborís



Encontros Participativos celebrados no IES.





Ciudades  
Amigas  
de la Infancia

*Imaxe 4. Encontro participativo celebrado co alumnado do CEIP de Caión*



*Imaxe 5. Encontro participativo celebrado co alumnado do CEIP Alfredo Brañas*



*Imaxe 6. Encontro participativo celebrado co alumando do IES Agra de Leborís*



*Imaxe 7. Encontro participativo celebrado coas asociación do Concello da Laracha*



### **3.3. ANÁLISE DE FONTES SECUNDARIAS**

Por último, para abordar información estatística municipal no referido á situación sociodemográfica e económica, foi realizado unha análise de fontes secundarias, obtendo información dende as bases de datos do Instituto Galego de Estatística ou o Instituto Nacional de Estatística.



### 3.4. RESUMO DAS TÉCNICAS DE INVESTIGACIÓN

Táboa 3. Resumo das técnicas de investigación empregadas

Metodoloxía	Técnicas de investigación	Axentes implicados
Cuantitativa	Análise de fontes secundarias	Instituto Galego de Estatística
	Entrevista a axentes chave	Axentes chave dos Departamentos municipais, persoal de CEIP e IES, nais/pais dos ANPAs e asociacións
Mixta	Encontros participativos (Cuestionario interactivo)	NNA de 5º e 6º de Primaria e 1º e 2º de ESO ANPAs e asociacións do tecido asociativo

Fonte: Elaboración propia.



### 3.5. ALCANCE

Táboa 4. Alcance das técnicas de investigación empregadas para a elaboración da diagnose

Ámbito	Sub-ámbito	Descrición dos axentes
Nenos, nenas e adolescentes do municipio	Nenos e nenas	Alumnado dos grupos de 4º e 5º de Educación Primaria dos CEIPs (75): <ul style="list-style-type: none"> <li>• Alfredo Brañas</li> <li>• Caión</li> <li>• Otero Pedrayo</li> </ul>
	Adolescentes	Alumnado dos grupos de 1º e 2º da ESO do IES Agra de Leborís (191)
Educación Formal	Centros de Educación Infantil e Primaria	Profesorado, equipo directivo e ANPAs
	Centros de Educación Secundaria	Profesorado, equipo directivo e ANPAs
Persoal técnico Municipal	Mesa Interdepartamental	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Área de Cultura</li> <li>• Área de Deportes</li> <li>• Centro de Información á Muller</li> <li>• Departamento de Presa</li> <li>• Policía Local</li> <li>• Obras</li> <li>• Servizos Sociais</li> <li>• Oficina de Información Xuvenil</li> </ul>
Ámbito Asociativo	Asociacións da Laracha e da contorna	Deportivas, de diversidade funcional, educativas, de ocio e tempo libre, etc.

Fonte: Elaboración propia



## Diagnose

“A min gústame moito xogar fora, porque é onde me vexo cos meus amigos e onde podo xogar a moitas cousas”.

#### 4. INTRODUCCIÓN CONTEXTUAL

O municipio da Laracha atópase na provincia da Coruña dentro da comarca de Bergantiños, lindando cos municipios de Carballo, Arteixo e Cerceda. O municipio, conta cunha conexión viaria con Arteixo, A Coruña, Carballo e Finisterre a través da rede primaria básica AC-552 e a autopista A-55.

Dentro dos seus 125,95 km<sup>2</sup> de extensión, conta cun total de 11.521 habitantes e 118 núcleos de poboación repartidos entre 13 parroquias. Dentro das mesmas, a que conta cun maior volume de poboación é a de Torás, cun total de 4.049 habitantes, establecéndose como o núcleo de poboacional principal.

Táboa 5. Poboación por parroquias do municipio da Laracha

PARROQUIA	POBOACIÓN
Torás	4049
Lestón	1347
Cabovilaño	1124
Caión	834
Soandres	806
Vilaño	794
Montemaior	689
Coiro	479
Golmar	422
Lendo	392
Erboedo	243
Lemaio	210
Soutullo	132

Fonte: Nomenclátor, IGE

Imaxe 8. Mapa do municipio da Laracha por parroquias






## 5. POBOACIÓN

*Un municipio que tende cara o envellecemento, pero dinámico a través dun crecemento da inmigración e unha natalidade máis estable que na súa contorna*

O municipio da Laracha conta cun proceso de dinamismo, en canto a evolución poboacional. Nese sentido, no período que comprende os anos 1981 e 2001, perde un total de 1.044 habitantes, pero dende ese ano en adiante avánzase cara unha dinámica de crecemento demográfico. Se ben, no ano 2021, non se consegue retomar os datos do ano 1981, gáñanse 855 habitantes máis que no ano 2001. Así, mentres que a Comarca de Bergantiños (-5%), a provincia da Coruña (-2%) e Galicia (-4%) contan cunha redución da poboación nos últimos 10 anos con datos dispoñibles, o municipio da Laracha conta con un proceso de crecemento do 2% entre o periodo 2011-2021, contando previamente cun crecemento do 6% entre nos anos 2001-2011.


Gráfico 3. Evolución da poboación no municipio da Laracha (1991-2021)



Fonte: IGE.

Nese último ano, o número de homes na Laracha formaban un total de 5669, mentres que as mulleres supoñen un total de 5852.

Gráfico 4. Poboación por sexo no municipio da Laracha no ano 2021



Fonte: IGE.




## 5.1. FECUNDIDADE

Aínda que as cifras amosen unha tendencia cara o incremento da poboación, os datos recollidos para o fenómeno da fecundidade amosan como este fenómeno non é a causa principal que explique o crecemento poboacional.

Así, o número de nacementos no período 2010-2020 comezará cunha cifra de 100 casos e, tras un proceso de descenso e estabilización, no ano 2020 chegarase á cifra de 82 persoas nadas no municipio da Laracha.

Gráfico 5. Evolución dos nacementos no municipio da Laracha (2010-2020)



Fonte: IGE.

En relación aos indicadores de fecundidade, en primeiro lugar, o **Índice Sintético de Fecundidade**, que expresa o número de fillos que terá unha muller ao longo dos anos fértiles, establécese no ano 2020 nun 1,25, cifra menor da ideal para garantir o reemprazo poboacional, sendo de 2. Respecto aos demais niveis territoriais, compre destacar que A Laracha conta coas cifras máis altas fronte a Comarca de Bergantiños (1,05), a provincia da Coruña (1,03) e Galicia (1,02).


Do mesmo xeito, a **Taxa Xeral de Fecundidade** mostra un número maior de nacementos por cada mil mulleres que os demais territorios comparativos. Así o municipio da Laracha conta no ano 2020 cun TXF de 35,92 mentres que que a Comarca establécese en 29,22, a provincia da Coruña nos 28,16 e Galicia nos 27,91. Pola contra, a **Idade Media para ser nai** no municipio da Laracha establécese nos 33,24 anos, cifras superiores as da Comarca de Bergantiños (32,94), a provincia da Coruña (32,91) e as do conxunto da Comunidade Autónoma galega (32,84).



## 5.2. IDADE E ENVELLECIMENTO

En canto a división por idades, o grupo quinquenal que conta co maior peso é o que se comprende as idade entre os 40 e os 49 anos, cun 18%. En relación cos grandes grupos de idade, a poboación que ten menos de 20 anos supón o 15% da poboación, mentres que os e as maiores de 70 corresponden o 20%. Isto supón unha tendencia cara a un envellecemento poboacional, pero que se establece similar á situación da Comarca de Bergantiños e Galicia (<20: 15%; >70: 20%).

Gráfico 6. Distribución da poboación no municipio da Laracha por idade e sexo



Fonte: IGE.

Estes datos tamén se poden observar a través do **Índice de Envellecemento**, que expresa a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores a cantidade de Nenos, Nenas e Adolescentes. No municipio da Laracha, a tendencia é a dunha redución nos últimos dous anos dos que se contan con datos, 2020 (173,2) e 2021 (172,51) fronte o ano 2019 (174,06), reverténdose a situación existente dende o ano 2014 (173,58). Por outra banda, os datos amosan uns datos máis positivos que os dispoñibles para a comarca de Bergantiños no ano 2021 (189,41), pero unha situación máis negativa cando a comparación se realiza a nivel provincial (154,57) e autonómico (163,59).

Mais, tamen é preciso engadir que o aumento entre a totalidade do período 2012-2021 no municipio da Laracha é inferior que nos demais contextos expostos a comparación. Así, mentres que na Laracha o incremento estivo limitado a pouco máis dun punto (de 171,37 a 172,51) o incremento a nivel comarcal (20,9), provincial (18,89) e autonómico (19,4) é superior.



Táboa 6. Índice de Envellecemento a nivel local, comarcal, provincial e autonómico

	<b>A Laracha</b>	<b>Bergantiños</b>	<b>A Coruña</b>	<b>Galicia</b>
<b>2012</b>	<b>171,37</b>	168,51	138,86	144,19
<b>2013</b>	<b>169,18</b>	169,43	141	146,07
<b>2014</b>	<b>168,38</b>	174,15	144,13	149,33
<b>2015</b>	<b>173,58</b>	177,83	146,47	151,94
<b>2016</b>	<b>173,36</b>	180,16	147,94	153,58
<b>2017</b>	<b>173,2</b>	181,81	148,96	154,75
<b>2018</b>	<b>174,06</b>	183,35	150,69	156,37
<b>2019</b>	<b>173,99</b>	184,77	152,22	158,15
<b>2020</b>	<b>173,2</b>	186,72	154,57	160,4
<b>2021</b>	<b>172,51</b>	189,41	157,75	163,59

Fonte: IGE.



### 5.3. SALDO VEXETATIVO


Un dos indicadores chave para coñecer o peso dos nacementos no crecemento ou descenso da poboación é o **Saldo Vexetativo**, que mide a relación entre estes e o número de defuncións dentro do mesmo ano. Así, dende o ano 2011 o saldo conta cunhas cifras negativas, establecéndose o ano 2018 como o ano no que se conta cunha maior diferenza entre nacementos e defuncións.

Táboa 7. Número de nacementos e Defuncións e Saldo Vexetativo no municipio da Laracha

	Nacementos	Defuncións	Saldo Vexetativo
2011	100	126	-26
2012	91	142	-51
2013	83	126	-43
2014	74	130	-56
2015	83	147	-64
2016	73	136	-63
2017	81	131	-50
2018	81	158	-77
2019	73	138	-65
2020	82	128	-46

Fonte: IGE.

Gráfico 7. Evolución do Saldo Vexetativo no municipio da Laracha (2010-2020)



Fonte: IGE.




## 5.4. MIGRACIÓN

Como se mencionou, o contexto larachés é a de un proceso de aumento de poboacións nos últimos anos, pese a que os datos de nacementos e defunción amosan un proceso inverso, de caída demográfica. É así como comprende o fenómeno demográfico dende outros indicadores fundamentais para a explicación destas dinámicas poboacionais: os fluxos migratorios. Nese sentido, é preciso abordar o fenómeno da emigración e da inmigración e as súas dinámicas propias para poder comprender, de forma correcta, este fenómeno demográfico.

Respecto ao fenómeno da emigración, nos últimos 10 anos, non existe unha tendencia clara, sexa de ascenso ou descenso, pero podemos observar unha tendencia cara á estabilidade entre os 250 e os 350 casos de persoas emigradas.

Gráfico 8. Emigración no municipio da Laracha



Fonte: IGE.

Dentro da propia emigración, no ano 2021 o número de persoas emigradas sitúase 344, alcanzando a cifra máis alta nos últimos 10 anos. Dentro de ese ano, o 72% da emigración produciuse dentro da mesma provincia, un 4% a outra provincia dentro de Galicia e, mentres, a emigración externa, é dicir a outra comunidade autónoma dentro do mesmo país ou ao estranxeiro, establécese no 24%. Ademais, dentro do período 2010-2021 o peso da emigración é, na totalidade dos anos, maioritario (entorno ao 75-80%).




Táboa 8. Emigración por tipoloxía no municipio da Laracha

	Total	Emigración interna	Emigración externa
2010	270	214	56
2011	336	268	68
2012	263	218	45
2013	255	195	60
2014	301	243	58
2015	356	270	86
2016	263	210	53
2017	300	226	74
2018	282	229	53
2019	316	244	72
2020	260	204	56
2021	344	260	84

Fonte: IGE.

Gráfico 9. Emigración por tipoloxía na Laracha



Dentro da emigración, as idades menores de 16 anos supoñen o 16% do número de emigrantes totais no ano 2021 e chegaron a supoñer o 20% no ano 2017. Respecto á tipoloxía, o 80% da emigración realizase dentro da propia comunidade autónoma no período 2010-2021, chegando a ser un 91% no ano 2021.




Táboa 9. Inmigración externa por tipoloxía no municipio da Laracha menores de 16 anos

	Emigración total	Emigración interna	Emigración externa
<b>2010</b>	52	41	11
<b>2011</b>	60	56	4
<b>2012</b>	50	46	4
<b>2013</b>	39	32	7
<b>2014</b>	57	51	6
<b>2015</b>	66	45	21
<b>2016</b>	43	33	10
<b>2017</b>	59	44	15
<b>2018</b>	48	32	16
<b>2019</b>	58	43	15
<b>2020</b>	45	34	11
<b>2021</b>	54	49	5

Fonte: IGE.

Por outra banda, o proceso de inmigración, en liñas xerais, conta cun proceso de aumento nos últimos 10 anos, pese a caída do volume de chegada de inmigración producida dende o ano 2019. En termos xerais, a inmigración no ano 2010 conta cun total de 421 casos e, posteriormente, comezará un proceso de tendencia á baixa ata o ano 2016, establecéndose en 315 persoas inmigrantes chegadas ao municipio da Laracha. A continuación, ata o ano 2019, existe un proceso de crecemento ata alcanzar a a cifra pico do periodo 2010-2021, 446 casos, no ano 2019. De aí en adiante, os dous anos cos que se conta con estadística rexistrada, amosan unha tendencia de caída, pero que se pode explicar coa diversas restriccións derivadas da crise da COVID-19 e as diferentes consecuencias sociais e económicas, e que, ademáis, mantense superior á meirande parte de anos do periodo de estudo.

Gráfico 10. Inmigración no municipio da Laracha



Fonte: IGE.

En canto ao fenómeno da inmigración por tipoloxía, a meirande parte de casos sucede dentro da propia comunidade autónoma, sendo no 2021 un 72% dos casos rexistrados fronte ao 28% restante que o fan en destinos fora de Galicia.

Táboa 10. Inmigración por tipoloxía no municipio da Laracha

	Total	Inmigración interna	Inmigración externa
<b>2010</b>	421	335	86
<b>2011</b>	399	320	79
<b>2012</b>	343	270	73
<b>2013</b>	384	310	74
<b>2014</b>	319	264	55
<b>2015</b>	315	249	66
<b>2016</b>	315	254	61
<b>2017</b>	369	283	86
<b>2018</b>	406	323	83
<b>2019</b>	446	322	124
<b>2020</b>	429	347	82
<b>2021</b>	403	292	111


Fonte: IGE.

O fenómeno máis destacable en canto á tipoloxía da inmigración sería o proceso de aumento, en canto números absolutos e proporcionalmente, da inmigración externa. Xa que, dun inicial 20% e con 86 casos no ano 2010, no ano 2021 a inmigración externa supón o 28% e conta cun total de 111 casos, a pesar de existir un descenso na inmigración total. Dentro da mesma, a



inmigración provinte do estranxeiro supón un número maior de casos (504) no total da inmigración externa no período 2010-2021, fronte á inmigración doutras CCAA (476).

Gráfico 11. Inmigración externa no municipio da Laracha



Fonte: IGE.

Táboa 11. Inmigración externa por tipoloxía no municipio da Laracha

	Inmigración externa	Doutra CCAA	Do estranxeiro
<b>2010</b>	86	42	44
<b>2011</b>	79	29	50
<b>2012</b>	73	41	32
<b>2013</b>	74	42	32
<b>2014</b>	55	32	23
<b>2015</b>	66	34	32
<b>2016</b>	61	42	19
<b>2017</b>	86	37	49
<b>2018</b>	83	30	53
<b>2019</b>	124	50	74
<b>2020</b>	82	44	38
<b>2021</b>	111	53	58

Fonte: IGE.

Por outra banda, o peso da inmigración dos Nenos, Nenas e Adolescentes establécese no ano 2021 nun 16% do total da inmigración do municipio da Laracha e, dentro dos mesmos, a maioría de menores de 16 anos inmigrantes chegaron dende a propia Comunidade Autónoma (73%).



Táboa 12. Inmigración externa por tipoloxía no municipio da Laracha menores de 16 anos

	Inmigración Total	Inmigración interna	Inmigración externa
<b>2010</b>	69	57	12
<b>2011</b>	66	61	5
<b>2012</b>	66	52	14
<b>2013</b>	77	58	19
<b>2014</b>	52	46	6
<b>2015</b>	43	33	10
<b>2016</b>	66	56	10
<b>2017</b>	69	53	16
<b>2018</b>	56	46	10
<b>2019</b>	77	58	19
<b>2020</b>	59	47	12
<b>2021</b>	66	48	18


Fonte: IGE.

Por último, compre analizar a evolución do **Saldo Migratorio**, que supón o volume poboacional aumentado ou reducido resultado das persoas que emigran e as que inmigraron. No caso de Laracha, o saldo é positivo en todo o período 2010-2021, coa excepción do ano 2015, e chega a contar con un saldo positivo de 169 no ano 2020. No conxunto do período, o Saldo Migratorio resultante é positivo en máis de 1.000 casos.



Ciudades Amigas de la Infancia


Gráfico 12. Saldo Migratorio no municipio da Laracha



Fonte: IGE.

Respecto ao Saldo Migratorio das persoas menores de 16 anos, os datos amosan un resultado diferente aos do conxunto, conta con un saldo negativo de -16 no período 2010-2021.

Gráfico 13. Saldo Migratorio dos menores de 16 anos no municipio da Laracha



Fonte: IGE.



## 6. ECONOMÍA E EMPREGO

*Unha redución do número de empresas, unha maior concentración das mesmas e un maior volumen de traballadores*

O municipio da Laracha conta cun Produto Interior Bruto de 147 millóns de euros, producido por preto de 4.700 traballadores e traballadoras e as 868 empresas que o municipio alberga, contando cun PIB bruto por habitante de 14.009 no ano 2020, datos inferiores aos que se contan para o conxunto da Comarca de Bergantiños (15.336 euros/persoa) e da comunidade autónoma galega (21.730 euros/persoa).

Dentro de este tecido produtivo, compre sinalar a distribución empresarial existente, en canto a sectores e tamaño das propias empresas. En primeiro lugar, podemos observar que dende o ano 2015 a tendencia é dunha baixa do volume de empresas totais, sendo preciso sinalar que a redución está limitada a aquelas que contan con menos de 2 traballadores asalariados, mentres que o resto de estratos contan con unha subida dentro do período 2015-2021. Respecto a isto último, compre sinalar a inauguración no ano 2012 do parque empresarial


*Táboa 13. Número de empresas por número de traballadores/as no municipio da Laracha*

	2015	2021
<b>de 0 a 2 asalariados</b>	731	596
<b>de 3 a 5 asalariados</b>	63	73
<b>de 6 a 9 asalariados</b>	14	24
<b>de 10 a 19 asalariados</b>	23	16
<b>de 20 a 49 asalariados</b>	8	14
<b>de 50 a 99 asalariados</b>	1	3
<b>de 100 a 249 asalariados</b>	1	1

Fonte: IGE.

Mais, o número de afiliados á Seguridade Social entre os anos 2015-2021 conta con un aumento, pasando de un total de 4.200 en 2015 aos máis de 4.700 recollidos no ano 2022. Dentro destes datos, compre sinalar que tanto o número de mulleres e homes afiliados á Seguridade Social tiveron un aumento, pero a proporción de homes afiliados conta cunha maior proporción (54%) fronte as mulleres (46%).


Gráfico 14. Proporción de homes e mulleres con afiliación á Seguridade Social no municipio da Laracha.



Fonte: IGE.

En canto á distribución por sectores, podemos observar como o 54% das empresas no ano 2021 no municipio da Laracha se corresponde con empresas do sector servizos, estando a continuación o sector da construción (21%), o da agricultura e pesca (19%) e, por último, o sector industrial (6%). Dentro do seu sector servizos, o maior peso téñeno as empresas dedicadas á categoría de “comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas” (35%), seguido das empresas de Hostalería (16%) e de transporte (11%).

Gráfico 15. Número de empresas por sector no municipio da Laracha




Fonte: SEPE.



Da mesma forma, o maior volume de empregos concéntranse no sector servizos, cun total de 2.859, o sector industrial mantén un total de 969 postos de traballos, 621 no sector da construción e 197 na Agricultura e a Pesca.

En canto ao desemprego, as mulleres maiores de 45 anos supoñen o 40% do número de desempregados, a continuación son os homes maiores de 45 anos (25%) e, posteriormente, as mulleres de entre 25 e 44 anos (20%). En canto aos sectores, é, de novo, o sector servizos o que conta co maior volume de poboación desempregada, un 59% respecto ao total, quedando o porcentaxe restante repartido entre o sector industrial (21%), o da construción (11%), aqueles que non contaban con un emprego rexistrado previo (6%) e o sector Agrícola (4%).

Gráfico 16. Desemprego por sector no municipio da Laracha



Fonte: SEPE.

Por último, compre sinalar, debido á magnitude dos efectos a futuro, o desenvolvemento próximo de iniciativas empresariais coa ampliación do polígono da Laracha, supoñendo a chegada de novos postos de traballo e o incremento dos ingresos do orzamento municipal.



## 7. CENTROS EDUCATIVOS

O municipio da Laracha conta cun total de 4 centros educativos, dos cales 3 se corresponden cos cursos de Educación Infantil e Primaria e 1 a Educación Secundaria. A distribución dos mesmos, en canto tipoloxía e parroquia, pódese observar na seguinte táboa:


Táboa 14. Distribución dos centros educativos por tipoloxía e parroquia

Tipoloxía	Nome	Parroquia
Centro de Educación Infantil e Primaria	Alfredo Brañas	Lestón
	CEIP Caión	Caión
	Otero Pedrayo	Torás
Instituto de Educación Secundaria	Agra de Leborís	Torás

Fonte: Plans Educativos dos Centros.

Ademais, o municipio conta con dúas Escolas Infantís: Escola Infantil A Galiña Azul, de titularidade pública, e “A Casa dos Nenos”, de carácter privado. En total, cóntase con 115 prazas para Nenos e Nenas de entre os 3 meses aos 3 anos de idade na gardería pública. Destas, o número de prazas para nenos e nenas de 0 a 1 ano correspóndese con 16, 39 para 1 e 2 anos e 60 para 2 e 3 anos de idade. Destas prazas, a relación de prazas dispoñibles e de usuarios/as é a seguinte, existindo un incremento de no ano 2021 e 2022 respecto aos cursos anteriores:

Gráfico 17. Diferencia usuarios e prazas das garderías públicas do Concello da Laracha



Fonte: Área de Servizos Sociais do Concello da Laracha



A continuación, expone unha descrición dos recursos humanos, físicos e orgánicos dos que dispoñen os diferentes Centros de Educación Infantil e Primaria e os Institutos de Educación Secundaria mencionados.

### 7.1. CEIP ALFREDO BRAÑAS

O CEIP Alfredo Brañas atópase en Paiosaco, na parroquia de Lestón, e conta cun total de 9 unidades de educación (3 de educación infantil e 6 de educación primaria), cunha media de 15 alumnos por aula no curso 2020, mantendo cubertas o 80% das prazas ofertadas. No centro, cóntase cun total de 15 mestres divididos entre as seguintes áreas:

- 4 Educación Infantil
- 5 Educación Primaria
- 1 Lingua Inglesa
- 1 Lingua Francesa
- 1 Educación Física
- 1 Educación Musical
- 1 Pedagogía Terapéutica
- 1 Orientación Compartida
- 1 Relixión
- 1 mestre/a A1, dous días á semana

Ademais, conta con 1 unidade de Pedagogía Terapéutica e 1 Departamento de Orientación Compartido.

Respecto ao persoal non docente, cóntase con unha coidadora que atende as necesidades do alumnado con necesidades especiais. Ademais, cóntase con unha persoa encargada da conserxería e outra encargada da limpeza, ambas mediante contratación externa por parte do Concello da Laracha. Tamén, cóntase con comedor escolar propio, aula de informática e un pavillón polideportivo, de propiedade municipal, que se emprega en horario lectivo por parte do CEIP para as clases de Educación Física, outras actividades lectivas e, ademais, para actividades extraescolares ofrecidas pola ANPA.

Na súa composición interna, o CEIP Alfredo Brañas está composto por órganos de goberno unipersonais (Director/a, Secretario/a e Xefe/a de Estudos) e Colexiados (Consello Escolar e Claustro de Profesores). Pola súa banda, o Consello Escolar de Centro constitúese como un órgano de representación e coordinación das diferentes partes da comunidade universitaria. Nese sentido, o Consello conta cun número total de representantes de 12, repartidos do seguinte xeito:



- 5 profesores/as
- 5 Pais e Nais
- 1 persoal de administración ou servizos
- 1 representante do Concello

Así, actualmente, non se conta con alumnado representado no Consello Escolar. Ademais, as últimas elección ao Consello, do ano 2022, contan soamente con 3 representantes de pais/nais do alumnado.

Ademais, o Alfredo Brañas conta cos seguinte Equipos Docentes de coordinación e xestión:

- Equipos de Nivel ou ciclo
- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Equipos de Traballo
- Equipos de Orientación, que coordina os diferentes equipos do CEIP e, ademais, co IES Agra de Leborís para atención dos casos de alumnado en P.T.

E, xunto a estas, compre sinalar a existencia dunha ANPA cunha principal función de coordinar e xestionar o programa de actividades extraescolares que se poñan en marcha dentro do centro, coa excepción de aquelas nas que se realicen na biblioteca, que corren a cargo do profesorado que estea de garda nese día.

## 7.2. CEIP DE CAIÓN

O CEIP de Caión, localizado na parroquia que lle dá nome, é o centro educativo que conta co menor tamaño de unidades didácticas e alumnado. Así, conta con 3 unidades: 1 de Educación Infantil e 2 de Educación Primaria.

Respecto ao seu persoal docente, conta con un/unha profesor/a de Ensino Infantil, 1 de Educación Física, 1 de inglés, 1 de Educación Física e, ademais, conta de xeito compartido con unha persoa encargada da docencia en Relixión Católica. Por outra banda, o persoal non docente, o centro conta con unha persoa contratada dende o Concello da Laracha como responsable das labores de limpeza e conserxaría.

No referido á estrutura orgánica, o CEIP conta con órganos unipersoais (equipo directivo), órganos colexiados (Consello Escolar de Centro e Claustros) e os órganos de coordinación docente (equipo de ciclo, de dinamización e normalización lingüística e o equipo de actividades complementarias e extraescolares). En canto á composición do Consello Escolar, as prazas de representación están asignadas do seguinte xeito:



- Director/a
- 2 mestres/as do CEIP, un/unha escollido/a como secretario/a con voz e voto
- 2 representantes de pais e nais, un/unha deles asignado polo ANPA
- Representante do Concello

Dentro do mesmo, a toma de decisións será a través da maioría simple dos presentes, a excepción de certas casuísticas recollidos no Regulamento de Centros de Educación Infantil e Primaria. Conta con reunións trimestrais, como mínimo, e contará con un órgano económico que revisará as contas do centro.

En canto aos recursos, o CEIP conta con biblioteca propia e, dende o ano 2015, con comedor escolar.

### 7.3. CEIP OTERO PEDRAYO

O CEIP con maior tamaño trátase do Otero Pedrayo, localizado na parroquia de Torás, o centro urbano máis poboado. Así, o alumnado provén, esencialmente, da propia parroquia, pero, ademais, conta cun servizo de autobús que aborda un total de 10 liñas de transporte escolar que permite achegar a nenos e nenas da diversidade de parroquias do municipio. Así, conta cun total de 583 rapaces e rapazas escolarizados.

No ámbito académico, o CEIP conta cun total de 27 unidades educativas, sendo 9 de educación infantil, con 12 profesores/as, e 18 de educación primaria, con 17 titores/as. Ademais, conta con persoal para a formación nos idiomas inglés e francés, 3 e 1 respectivamente, así como aulas propias. Por outra banda, tamén se conta con docentes e aula propia en educación musical (1), persoal (3) e ximnasio de Educación Física e docentes de Relixión (2). Respecto a outro persoal educativo, o centro conta con unha persoa para a formación en Educación e Linguaxe, un/unha orientador/a e dúas persoas encargadas da Orientación, con aulas propias para o persoal de Pedagogía Terapéutica e unha aula de informática a disposición do profesorado e alumando.

Respecto aos servizos non académicos, cóntase con un servizo de comedor escolar, no que traballan 1 cociñeira e 4 axudantes na cociña que dispón o centro, así como 11 coidadores/as, pais e nais do alumnado dentro do programa da Xunta de Persoal Colaborador, para atender a máis de 400 alumnos e alumnas. Tamén, o servizo de limpeza funciona a través dun contrato do Concello da Laracha a unha empresa e externa e conta con 5 limpadores/as.

Respecto a outros espazos, o CEIP dispón de un patio exterior no que se conta con zonas verdes de recreo e un polideportivo para o disfrute de actividades en horario lectivo e extraescolar. Ademais, contase con un laboratorio e unha biblioteca.



Por outra banda, a composición orgánica no centro conta con unha serie de elementos chave no desenvolvemento do CEIP: o equipo directivo, o Consello Escolar e as ANPAS. O primeiro está formalizado a través da figura do persoal de dirección, a xefatura de estudos e a secretaría. Mentres, o Consello Escolar trátase dun organismo de representación da diversidade de sectores presentes na comunidade escolar e está formado, directivamente, por:

- Director/a
- Xefe/a de estudos
- 5 mestres elixidos polo claustro
- Un representante do persoal non docente
- Un Concelleiro ou representante do Concello
- Secretario/a do centro, que actúa como Secretario do Consello Escolar, con voz pero sen voto.

Ademais, dentro do propio Consello cóntase con 3 Comisións propias, nas que tamén formarán parte nais e pais e persoal das diversas áreas, aínda que non conta con representación do alumnado. Así, a distribución das comisións son as seguintes:

- Comisión económica:
  - Director/a
  - Un mestre/a
  - Un pai/nai
  - Secretario/a do centro
- Comisión de igualdade: formada por un pai ou profesor
- Comisión de convivencia:
  - 4 profesores
  - 1 representante de pais/nais
  - Responsable da comisión de Igualdade
  - Orientador/a
  - Persoal non docente
  - Xefe/a de Estudos
  - Director/a

As funcións do mesmo serán as de o programa xeral anual do centro, coñecer as candidaturas e os proxectos de dirección e participar na selección do director do centro, propoñer medidas que favorezan a convivencia do centro, coñecer a resolución dos conflitos disciplinarios, analizar



e valorar o funcionamento xeral do centro e elaborar propostas e informes, ben sexa a proposta propia ou a petición da Administración competente.

Respecto á ANPA, constituída con nome “O Acevo”, ademais da súa participación no Consello Escolar, conta coas funcións de formular propostas e informes propio, recibir información sobre diferentes áreas do propio centro (material escolar, actividades, resultados académicos, informes do Consello, etc.) e, tamén, fomentar a colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.

Por último, compre sinalar que o Otero Pedrayo conta, ademais, cos seguintes Equipos Docentes para a dinamización dos diferentes cursos académicos e actividades escolares:

Táboa 15. Equipos Docentes do CEIP Otero Pedrayo

<b>Equipo</b>	<b>Composición</b>	<b>Funcións</b>
<b>Equipos de Nivel ou Ciclo</b>	Agrupa aos mestres que impartan docencia nel, baixo a supervisión da Xefatura de Estudos	Formular propostas ao equipo directivo e ao Claustro, actualizar a metodoloxía didáctica e elaborar a programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas
<b>Comisión de Coordinación Pedagóxica</b>	Coordina entre os diferentes departamentos do Centro	A súa función é de coordinación
<b>Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística</b>	Un profesor de cada nivel, nomeados pola Dirección	Desenvolvemento dos plans específicos para potenciar a presenza da realidade galega no ensino
<b>Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares</b>	Este equipo estará integrado polo seu Xefe, e para cada actividade concreta polos profesores que participan nela	Xestionar as actividades co alumnado en horario lectivo e aquelas aprobadas polo Consello Escolar fora do horario lectivo
<b>Equipo de Biblioteca</b>	Integrado polo Coordinador e profesorado de todos os niveis	Analizar as necesidades do centro, xestionar os recursos, xestión para a animación á lectura, fomentar a lectura e coordinarse cos equipos de actividades Extraescolares.
<b>Xefe do Equipo</b>	Mestre/a proposto pola Dirección	Actuará baixo a dependencia directa da Xefatura de Estudos

Fonte: Proxecto Educativo de Centro do CEIP Otero Pedrayo.



#### 7.4. IES AGRA DE LEBORÍS

O IES Agra de Leborís trátase do único centro de Educación Secundaria Obligatoria existente no municipio da Laracha. Así, reúne o alumnado dos diferentes CEIPs do municipio, así como doutras localidades limítrofes. Para o curso 2021-2022, cóntase cun total de 10 cursos escolares, nos que se inclúe tanto a Educación Secundaria Obligatoria como o Bacharelato, que contan con máis de 500 alumnos matriculados, existindo un aumento de 139 alumnos/as dende o curso académico 2012/2013.

O persoal docente establécese nun total de 40 profesores e profesoras, nun ratio de 12,5 alumnos e alumnas para cada un, distribuídos entre os seguintes departamentos:

Táboa 16. Distribución do profesorado no IES Agra de Leborís

Departamento	Número de profesores
<b>Biología e Xeoloxía</b>	3
<b>Xeografía e Historia</b>	3
<b>Economía</b>	1
<b>EPDVA</b>	2
<b>Educación Física e Deportiva</b>	2
<b>Filosofía</b>	1
<b>Física e Química</b>	2
<b>Francés</b>	2
<b>Inglés</b>	3
<b>Latín</b>	1
<b>Castelán</b>	4
<b>Galego</b>	4
<b>Matemáticas</b>	5
<b>Música</b>	1
<b>Orientación Educativa</b>	2
<b>Relixión</b>	2
<b>Tecnoloxía</b>	2

Fonte: Proxecto Educativo de Centro do IES Agra de Leborís.

Ademais, cóntase cunha serie de persoal non docente:

- Persoal de Administración, cunha auxiliar administrativa
- Persoal de conserxería con dous conserxes
- Persoal de limpeza con tres persoas



- Persoal de cafetería
- Un auxiliar de conversa, para reforzar a ensinanza en idiomas e a sección bilingüe

En canto aos equipamento, cóntase cun total de 21 aulas, dous laboratorios, dúas aulas-taller, dúas aulas de informática, dúas de educación plástica, unha de música, un ximnasio e un pavillón polideportivo, unha sala de usos múltiples, locais para departamentos didácticos, unha sala de titoría e unha cafetería.

Tamén, conta con un servizo de comedor para os días con clase de mañá e tarde (os luns), cunha oferta de 27 prazas, que son cubertas ao 100%. Este servizo está realizado por unha empresa de catering, que garante un menú equilibrado e san. Cóntase tamén con un servizo de transporte escolar, que conta con 10 rutas nas que o alumnado de pleno dereito da ESO conta con un servizo de balde, mentres que o resto do alumnado empregará a tarxeta “Xente Nova”.

Por último, os recursos orgánicos están divididos entre o Equipo directivo (Director/a, Xefe/a de estudos, o Secretario/a e Vicedirector/a), os Órganos Colexiados (Claustro de profesorado e o Consello Escolar de Centro) e os Órganos de Coordinación Docente (Departamentos Didácticos e Comisión de Coordinación Pedagóxica). No referido ao Consello Escolar, está conformado polas seguintes partes:

- Director/a, como presidente/a
- Secretario/a, como Secretario/a do Consello con voz pero sen voto
- Representación do Concello da Laracha, da Concellería de Ensina, Cultura, Deportes, Mocidade, Festas e Turismo
- Representantes do profesorado, 7 profesores/as
- Representantes do alumnado, 4 alumnos/as
- Representantes das familias, 3 pais/nais (1 designado pola ANPA)

Contarase con unha Comisión Económica e unha Comisión de Convivencia. Dentro dos mesmos, contarase con unha persoa do profesorado e un/unha pai/nai en cada un. Tamén, un/unha profesor/a impulsará medidas educativas que fomenten a igualdade entre homes e mulleres.

Respecto á ANPA que conta con representación no Consello Escolar de Centro, denominada “Manuel Murguía”, é a única ANPA do centro e forma parte da Federación Provincial de ANPAS da Costa da Morte.




## 8. OUTROS RECURSOS EN MATERIA EDUCATIVA

### 8.1. AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR

O Concello da Laracha conta cunha serie de axudas pensadas como axuda para aqueles NNA que teñan problemas na compra de material escolar. Nese sentido, a partida orzamentaria conta cunha cantidade de 55.000€ no ano 2018 e 2019 e, en adiante, levarase a cabo un aumento de 20.000€ mantido dende o ano 2020.

Ao respecto, a cantidade de beneficiarios tamén sofre un incremento considerable no ano 2020, pasando dos 374 beneficiarios/as do ano 2019 aos 475 no ano 2020, a cifra máis alta no período 2018-2022. A casuística deste incremento reside na necesidade de unha necesidade de redución da fenda dixital no contexto da formación telemática e o aumento da presenza da tecnoloxía, tanto na aula como fora da mesma, por mor da pandemia da COVID-19. Actualmente, o número de NNA que contan con axudas deste tipo mantéñense nas cifras máis baixas do período de estudo.

Gráfico 18. Evolución dos NNA beneficiarios das axudas para material escolar no municipio da Laracha



Fonte: Información Xuvenil do Municipio da Laracha.

### 8.2. PROGRAMAS DE INTEGRACIÓN ESCOLAR

O Concello da Laracha conta con dous programas enfocados na integración escolar dos NNA con necesidades socio-educativas especiais. Así, no ano 2018 e 2019 contábase co programa de Educación e Apoio Familiar, ata que no ano 2020 foi desenvolto ao Programa “Educa en Positivo” no que se realizan diversas actuacións no vinculado coa integración escolar dos nenos, nenas e adolescentes. Para o caso, o programa conta coa acción 1 “Un paso adiante” que está dirixido para menores de idade na súa etapa escolar, que se ven desfavorecido, polo motivo que fose, en relación á adquisición de competencias básicas e desenvolvemento das súas capacidades por



non contar coas mesmas oportunidades que os menores do seu entorno. Conta con persoal técnico para a asistencia e formación nas tarefas escolares.

Nese sentido, compre sinalar como nos últimos dous anos existe un incremento do número de NNA con necesidades especiais, pasando de un total de 7 no ano 2019 a 15 no ano 2022.

Así, para o ano 2022, as actuacións concretas vinculadas á integración escolar dentro do programa Educa en Positivo contaba con un total de 31 usuarios, dos cales 16 eran homes e 15 mulleres. Por outra banda, no referido á división por cursos académicos, os cursos de Educación Primaria contaba con un total de 14 nenos (7) e nenas (7), mentres que a Educación Secundaria abarca un total de 17 usuarios (9) e usuarias (8).

Por outra banda, compre sinalar a existencia de un aumento no número de prazas dispoñibles, contando con un total de 21 NNA usuarios e usuarias dos programas no ano 2020 e 2021, aumentando en 10 para o curso 2022/2023.

### **8.3. CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN**

#### **8.3.1. IGUALDADE E CONVIVENCIA**

No caso do CEIP Otero Pedrayo, cóntase co Programa de Habilidades Sociais promovido pola Xunta de Galicia, no que se pretende achegar as habilidades sociais, directivas e emocionais á comunidade educativa, mediante a formación ao profesorado e ao alumnado.

Respecto ao conxunto do municipio, cóntase con unha ordenanza de convivencia cidadá na que no se artigo 4 se recoñece que:

O Concello potenciará a transmisión e o fortalecemento dos valores e conductas cívicas no desenvolvemento das actuacións educativas e de formación de cuxa competencia lle corresponde.

De igual xeito, e no exercicio das súas competencias, o Concello procurará divulgar e fomentar os valores que sustentan o comportamento social, desde o exercicio por cada cidadán da súa liberdade constitucional co límite do respecto aos dereitos e valores dos demais e a preservación dos bens públicos de tal xeito que poidan ser utilizados por todos.

Supón, por tanto, un marco legal que permite e garante o desenvolvemento de programas de divulgación en materia de igualdade e convivencia.

Por último, respecto á concienciación e sensibilización sobre a exclusión social, non existe nin dende a administración local nin dende os propios centro escolares, máis aló de formación vinculada ao currículo académico de materias concretas.

### **8.3.2. MEDIOAMBIENTE**

Como forma de concienciación ambiental, o Concello da Laracha conta, en colaboración co Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Costa da Morte e a Consellería do Mar da Xunta de Galicia, un “Pictoconto” dispoñible na súa páxina web. Destinado ao público infantil, no conto interactivo nárrese unha aventura na que se pretende concienciar sobre a necesidade de coidar e respectar o ecosistema mariño, así como formas de facelo (limpando praias, cumprindo as 3 Rs, etc.). Ademais, a narrativa desta historia desenvólvese a na contorna de Caión e na parroquia de Torás, facilitando un ambiente cotiá para captar a atención e sensibilizar dun xeito mais atractivo aos nenos e nenas do municipio. Ademais, o formato da web está pensado para facilitar o entendemento das persoas con trastornos de comunicación na linguaxe oral .

Por outra banda, os centros educativos tamén contan con programas propios de concienciación e sensibilización ambiental. Nese sentido, o CEIP Otero Pedrayo e o CEIP de Caión desenvolven actividades desenvoltas a través de Voz Natura, un programa de Educación Medioambiental impulsado pola Voz de Galicia e ECOEMBES, na que se pretende, por unha banda, a formación do profesorado e, por outra, a innovación educativa a través da dinamización e promoción do respecto e coidado polo medio natural.

Tamén, o CEIP de Caión conta con programas e iniciativas propias, sendo unha das mais destacadas o seu programa de reciclaxe de aceite de cociña usado, razón pola que recibiu o galardón dentro dos Proxectos de Bioescolas de Arioil Reciclaxes.

Por contra, o CEIP Alfredo Brañas non conta con programas específicos de formación e/ou concienciación en materia de medioambiente e ecoloxía, máis aló da regrada dentro dos currículo académico existente en cada unha das materias escolares.

### **8.3.3. SEGURIDADE VIARIA**

A través da información proporcionada dende a Policía Local do municipio da Laracha, a totalidade de Colexios de Educación Infantil e Primaria contan con medidas de seguridade viaria na súa contorna.

En concreto, compre sinalar a existencia de dúas tipoloxías de casos: aqueles que contan con sinalización vertical e horizontal e aqueles que, ademais, contan coa presenza de persoal da Policía Local. Nese sentido, a Escola Infantil “A Galiña Azul” e o CEIP de Caión contan coas



primeiras, mentres que o CEIP Alfredo Brañas e o CEIP Otero Pedrayo contan coas segundas. Ademais, o IES Agra de Leborís conta, tamén, con medidas de protección da seguridade viaria. En concreto, o instituto conta coa presenza de medidas de sinalización vertical e horizontal e presenza de Policía Local, na medida do posible, en horario de entrada, saída e nas horas de recreo. Ademais, tal e como foi sinalado dende o CEIP Otero Pedrayo, cóntase cun aparcamento específico que axilice o tránsito e supoña a menor interferencia posible con respecto ao peón.

Por outra banda, respecto á educación viaria, a totalidade dos centros contan con espazos para o fomento da mesma. Nese sentido, a Escola de Educación Infantil “A Galiña Azul” conta con materiais lectivos referido aos medios transporte, nos cales se leva a cabo unha labor de pedagogía e formación na seguridade viaria para os nenos e nenas a través de diversas actividades. Mentres, no caso no CEIP Otero Pedrayo, cóntase cos programas de “Stop Accidentes” para a concienciación no referido á seguridade viaria para o alumnado. O CEIP Alfredo Brañas conta con temarios propios dentro das materias de Educación Física e Ciencias Sociais.

Mais, as iniciativas de educación viaria limítanse ás actividades dos centros educativos, non existindo dende a administración local programas vinculados a esta cuestión pensadas para NNA.

#### 8.3.4. ADICCIÓNS

Tamén compre sinalar a existencia da Asociación Vieiro, vinculada coa prevención e axuda dos casos de adiccións con e sen sustancias. Malia que a súa principal actividade realizase no municipio de Carballo, conta con recursos para o desenvolvemento de xornadas de sensibilización nos centros educativos e con actividades propias para a sensibilización dos NNA nesta materia. En relación con isto último, algunha das actividades realizadas son as seguintes:

Táboa 17. Actividades de sensibilización realizadas pola Asociación Vieiro

Nome da actividade	Descrición
<b>Na horta cos meus amigos</b>	Programa destinado ao desenvolvemento psicoafectivo e social para o fortalecemento dos factores de protección fronte a futuras condutas aditivas  Destinado para o alumando de 3º e 4º de Primaria.
<b>Regular(te) ben</b>	Regulación e aprendizaxe emocional para a xestión da adolescencia de xeito saudable.
<b>Mar de Redes</b>	Concienciación sobre o bo uso de das novas tecnoloxías e a prevención do xogo patolóxico.



## Odisea

Fortalecemento das habilidades sociais, o uso responsable das novas tecnoloxías e información sobre distintas sustancias aditivas.

Destinado para o público adolescente.

Fonte: Asociación Vieiro.

### 8.3.5. COMPETENCIAS PARENTAIS

O Concello da Laracha conta con unha serie de actividades destinadas a dotar aos pais e nais de competencias emocionais, educativas e parentais necesarias para o exercicio dunha parentalidade positiva, especialmente nas comunidades de referencia dos servizos sociais comunitarios. Esta actuación está dentro do programa “Educa en Positivo” e serán impartidos nos núcleos de Paiosaco e Torás, quincenalmente unha sesión en cada parroquia, a través da acción “Aprendemos xuntos”. Con ela preténdese concienciar a nais e pais da importancia do seu papel como educadores, formalos sobre as etapas evolutivas dos seus fillos/as, promover unha interacción axeitada á idade dos/as nenos/as, promover actividades coa idade dos seus fillos/as e formar unha parentalidade positiva. En ambos casos, as persoas beneficiarias serán familias e menores derivados dende o programa de Educación Familiar xestionado polos servizos sociais municipais.

### 8.3.6. HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES

No marco dos programas levados a cabo pola Xunta de Galicia, cóntase cunha serie de iniciativas encamiñadas á promoción de hábitos de vida saudable nos diferentes centros escolares da Laracha.

No caso do CEIP Otero Pedrayo, lévase a cabo os seguintes programas:

- Aliméntate Ben, de promoción da alimentación saudable, na súa modalidade de Leite Escolar e Froita Escolar: Consiste en abastecer os centros educativos de leite, froita e verdura a través de provedores autorizados, para que sexan repartidas ao alumando.
- Plan Proxecta+: Trátase dun programa amplo, que ten como intención a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030 dentro do ámbito escolar. Para o que se pretende abordar, conta cunha serie de iniciativas que buscan a promoción de hábitos de vida saudables recollidas nos Proxectos de Vida Activa e Deportiva, na que se pretende avaliar a situación da actividade física no centro e levar a cabo unha mellora da mesma a través da promoción e a carga lectiva.
- Xogade: Trátase dun programa que pretende a promoción do deporte a través da estreita colaboración dende as administracións, os centros escolares e os clubs e federacións deportivas. Así, no marco do programa, preténdese promover os diversos



deportes existentes (a través de visitas a clubes, xornadas de deporte, etc.) e, ademais, dotar de recursos que permitan que os nenos e nenas conten poder realizar as diferentes actividades deportivas existentes.

#### 8.4. PROGRAMAS DE CONCILIACIÓN

Un dos principais programas para facilitar a conciliación do municipio da Laracha recibe o nome de “Harmoniza: conciliando na Laracha”. Dentro deste programa, cóntase con dous servizos para facilitar a conciliación das familias do municipio: o servizo de Madrugadores e o servizo da Aula Lúdica.

Respecto ao primeiro, os pais e nais de nenos e nenas de entre 3 a 12 anos de idade matriculados nun centro escolar do municipio, contan cun servizo de acollida, vixilancia, coidado e almuerzo dende as 7 da mañá ata o comezo do horario lectivo e, ademais, en período non lectivo (verán, entroido, Semana Santa e Nadal) de 7:00 a 14:00, podendo recibir a prestación calquera neno ou nena empadroad/a no municipio. Estas dúas modalidades poden ser escollidas de xeito independente e, ademais, dentro da opción para todo o curso, poderase seleccionar a modalidade completa ou para a ocasións, dividido á súa vez entre mes completo ou días soltos (con continuidade pero na que non é preciso a semana completa).

O número de prazas dispoñibles:

- 120 no CEIP Otero Pedrayo
- 35 no CEIP Alfredo Brañas
- 20 no CEIP de Caión
- 120 prazas no período de vacacións escolares.

Para este programa, o volume de persoal corresponde os seguintes ratios:

- 2 persoas monitoras para cada grupo de 26 alumnos/as.
- 3 monitores/as por cada grupo de 27 a 40 alumnos/as.
- 4 monitores/as por cada grupo de 41 a 65 alumnos/as.
- 1 camareiro/a por cada grupo de 15 a 35 alumnos/as e 2 por cada grupo de 36 a 71.
- 1 persoa coordinadora do programa, rotando entre os diferentes centros educativos nos que se leve a cabo.

Debido ao límite no número de prazas, neste programa existen unha serie de criterios de valoración para o acceso ao mesmo e, ademais, para contar con bonificacións para a redución do custo do servizo. Respecto ao primeiro, os criterios están limitados á demostración de



necesidade de conciliación real, avaliando as circunstancias laborais da unidade familiar e as situacións sociofamiliares concretas que precisen apoio á conciliación.

Por outra banda, os criterios para a redución do custo conta con dous fundamentais, tan só aplicados para as solicitudes para todo o curso de xeito non puntual: situación sociofamiliar e situación económica dos membros da unidade familiar. Respecto ao primeiro criterio, as familias con algún membro vítima da violencia de xénero, as familias monoparentais, as familias numerosas e as que contan con dous fillos do mesmo núcleo contan con unha maior ponderación para a redución das taxas. Mentres, a situación socioeconómica está vinculada ao IPREM:

- Renta per capita mensual menor ou igual ao 75% do IPREM
- Renta per capita menor ou igual ao 125% do IPREM
- Renta per capita menor ou igual ao 175% do IPREM
- Renta per capita superior ao 175% do IPREM

Así, segundo a ponderación alcanzada, a redución poderá ser do 50% ou do 25%.

Para o período 2022-2023, o número total de nenos e nenas beneficiarios do programa é de 308, sendo as idades de entre 6 e 11 anos as que contan con unha maior presenza no servizo de conciliación municipal. Na seguinte táboa recóllense as relacións de idade e sexo do programa, incluíndo tanto aqueles que son beneficiarios/as durante a totalidade do curso como quenenes contan con acceso puntual ao ou estacional ao servizo:

*Táboa 18. Volume total de nenos e nenas do programa Harmoniza-Conciliando na Laracha durante o período 2022-2023*

	Homes	Mulleres	Total
0-5 anos	75	60	135
6-11 anos	82	91	173
<b>Total</b>	157	151	308

Fonte: CIM da Laracha.

Respecto ao segundo servizo recollido no programa, a Aula Lúdica, este permite a conciliación en horario de tarde durante o curso escolar e en horario de mañá durante o período non lectivo do verán.

En segundo lugar, o Concello da Laracha conta tamén cun Servizo Canguros, no que se da coidados básicos e atención nos domicilios para cubrir necesidades puntais, sendo un máximo de 40 horas anuais por unidade familiar. No mesmo, poderán inscribirse calquera familia empadroada no municipio e con un neno ou nena de entre os 4 meses de idade e os 12 anos, que demostren necesidades de conciliación demostradas. Este servizo estará dispoñible todo o ano, en horario de 7:00 a 22:00, agás os fins de semana e festivos.

### **8.5. FORMACIÓN EN IDIOMAS**

No Concello da Laracha existen diversos espazos nos que os nenos, nenas e adolescentes contan coa oportunidade de aprender idiomas, máis aló do galego e o castelán, fora dos centros de educación primaria e secundaria. Nese sentido, compre destacar a presenza da academia especializada en inglés Learn2Speak.

Na mesma, 198 nenos, nenas e adolescentes reciben formación en idiomas, principalmente inglés. Dentro deste número total, 109 son do sexo feminino e 89 do masculino, sendo as idades con maior peso na academia as que comprenden os 6 e os 11 anos. Así, un 12% dos preto de 1700 NNA de entre 0 e 17 anos, reciben formación nesta academia de idiomas de segundas linguas.

Porcentaxe ao que é preciso sumar o alumnado da Academia Cartafol (30 nenos e 22 nenas de entre 0 e 5 anos de idade), a que tamén imparte clases de inglés, e os outros recursos dispoñibles para a poboación da Laracha, tales como actividades propias de coles e do Concello ou, a partir dos 14-16 anos de idade a posibilidade de acceder á Escola Oficial de Idiomas en A Coruña, Arteixo ou Carballo.

### **8.6. REFORZO ESCOLAR**

Como se mencionou no anterior apartado, no Concello da Laracha cóntase con una academia de reforzo escolar, en idiomas e outras formacións. Así, na Academia Cartafol cóntase con un total de 126 NNA asistentes ás diversas clases de reforzo impartidas no centro.

En primeiro lugar, as clases particulares contan con un alumnado total de 70 persoas, distribuído do seguinte xeito:



Táboa 19. Alumnado das clases particulares da Academia Cartafol

	Home	Muller
6 a 11	16	12
Máis de 12 anos	24	18

Fonte: Academia Cartafol

Tamén, cóntase con clases de informática que contan con un total de 5 nenas e 4 nenos, correspondéndose coas idades de 11-12 anos, estando pensadas para 6º de Primaria. Así como de música para nenos e nenas de entre 0 e 5 anos, con 7 alumnos e 4 alumnas.

Por último, cóntase tamén con clases de logopedia escolar para nenos de entre 0 e 11 anos, distribuídos do seguinte xeito:

- 0 a 5 anos: 1 neno e unha nena
- 6 a 11 anos: 2 nenos e dúas nenas

Ademais, tamén compre sinalar á función de reforzo escolar existente no programa de Educ@ en Positivo, o cal xa foi mencionado no apartado de integración escolar pola súa dobre funcionalidade.

### 8.7. RECURSOS DISPOÑIBLES DE NTICs NOS CENTROS EDUCATIVOS

A totalidade dos centros educativos de Educación Primaria conta cos recursos proporcionados polo programa Edixgal, que busca a promoción da tecnoloxía no ámbito académico, coa intención de que o alumnado adquira coñecemento sobre as tecnoloxías, se sensibilice no uso das mesmas e, ademais, a redución da fenda dixital entre o alumnado.

### 8.8. ABSENTISMO ESCOLAR

En primeiro lugar, compre sinalar a situación autonómica existente, na que foron detectados 108 casos no ano 2021 dentro dos preto de 400.000 alumnos e alumnas de Educación Primaria e Secundaria dos diferentes colexios e institutos galegos, un 0,03%. Na Laracha, os casos identificados foron de 4 para o ano 2021, supoñendo un 0,002 de casos por alumnado para a totalidade dos centros educativos de educación primaria.

No referido a recursos e actuacións, as mesmas están vinculadas aos diferentes protocolos derivados dende a Xunta de Galicia, non contando con recursos propios para este materia. Mais, compre sinalar que os programas de integración escolar existentes tamén se establecen como unha forma de loita contra o absentismo escolar, mediante o apoio aos NNA nesta situación.



Ciudades  
Amigas  
de la Infancia




## 9. MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE

### 9.1. FORMAS DE DESPRAZAMENTO

Para o 64% das persoas adultas, sexa tanto por percepción como por experiencia directa, sinalan como a maioría dos desprazamentos que realizan os nenos, nenas e adolescentes realízanse en automóbil. Compre sinalar, tamén, que o motivo dese alto porcentaxe de uso do coche está vinculado á realidade do municipio, con un alto volume de territorio rural e con un centro urbano no que se conta cos servizos que non conta cunha rede de transporte público municipal. Do mesmo xeito, compre sinalar tamén, esa posible sobreestimación dos desprazamentos en coche, polo seu volume de ocupación do espazo público que xera unha sensación de gran volume poboacional presente.


Gráfico 19. Desprazamentos maioritarios dos NNA percibidos polas ANPAs e as Asociacións da Laracha



Fonte: Encuentros Participativos celebrados coas ANPAS e as asociacións do municipio da Laracha.

En comparación, os nenos e nenas de 5º e 6º de Educación Primaria dos diferentes coles do municipio, sinalan, de xeito similar ao que manifestan as persoas adultas, que os seus desprazamentos habituais son mediante o uso do coche, seguido do autobús escolar. Pola contra, a diferenza esencial reside nunha percepción maior de autonomía e de mobilidade activa, sendo un 19% dos nenos e nenas as que teñen como unha das dúas formas máis habituais de desprazarse o camiñar con un 28% das respostas, podendo incluír un 7% a maiores se se ten en conta a totalidade de desprazamentos activos (incluíndo bicicleta e patinete).


Gráfico 20. Desprazamentos maioritarios dos nenos e nenas dos encontros participativos do Concello da Laracha



Fonte: Encontros Participativos celebrados nos CEIPs

Mais, a través das declaracións manifestadas polos nenos e nenas, e incluso as persoas adultas nos encontros coas asociacións e ANPAs, a realidade destes desprazamentos está fortemente condicionada polas diferentes realidades territoriais do municipio. Nese sentido, incídese na diferenza entre a poboación máis rural, que depende en maior medida do vehículo persoal, ao non contar con liñas de bus máis aló das escolares, e que se teñen que desprazar ao centro para desfrutar dos servizos e da compañía de máis nenos e nenas. Malia iso, os nenos e nenas do espazo rural contan con unha porcentaxe similar de desprazamentos en coche fronte aos que viven nas vilas, mais a diferenza esencial reside en que o autobús escolar establécese como un medio de transporte esencial para aqueles que viven nas parroquias.

Gráfico 21. Modo de transporte segundo localización segundo os nenos e nenas dos encontros participativos do Concello da Laracha



Fonte: Encontros Participativos celebrados nos CEIPs



Da mesma forma, a realidade no centro urbano tamén presenta elementos que a fan diferente segundo a idade e a localización.


Así, moitas familias que viven a menos de 20 minutos camiñando ao colexio prefiren desprazaren ao seus fillos en coche ou bus por dous motivos principais: tempos laborais de conciliación e seguridade. No referido ao segundo punto, algúns pais e nais sinalan que:

“Eu non sei se é por preguiza ou por medo ou non sei, pero xa non é o primeiro caso que usan o bus escolar dunha forma un pouco...curiosa. Levan ao neno á parada, que teñen a 20-30 minutos, en vez de levalo ao cole que o teñen á mesma distancia andando. E o problema aquí é que lle están quitando a praza a outro neno que si realmente necesita o bus.” (Pai membro dunha ANPA dun CEIP da Laracha)

Tamén, a cuestión da seguridade establécese como un elemento central na decisión das formas de desprazarse, estando algúns puntos urbanos percibidos como centrais nesa percepción de inseguridade, tal e como se desenvolve no apartado 9.3.

Por outra banda, os encontros co alumnado de 1º da ESO do IES Agra de Leborís mostran unha maior presenza dos desprazamentos camiñando, situándose como a principal forma de mobilidade, con un 39% de casos, e, en segundo lugar, atopamos os desprazamentos mediante coche, con un 25% de casos. Tamén, compre mencionar a irrupción dos autobuses metropolitanos como opción de transporte, algo descartado no caso dos nenos e nenas de 5º e 6º de EPO, o que é indicativo do comezo dun proceso de aumento da autonomía persoal unha vez comezado o instituto.

Gráfico 22. Desprazamentos maioritarios dos alumnado de 1º de ESO nos encontros participativos



Fonte: Encontros Participativos celebrados no IES.




## 9.2. MOBILIDADE ACTIVA

Dentro do número de persoas, tanto NNA como adultas, que responderon á cuestión da modalidade dos desprazamentos dos menores de idade, boa parte sinalou que a mobilidade activa tende a estar presente nos desprazamentos. Nese sentido, compre sinalar a diferente percepción segundo a realidade espacial da que esteamos a falar:

- No centro urbano de Torás e en Paiosaco: Ao contar con servizos e espazos que os NNA empregan, téndense a realizar varios desprazamentos a pé.
- Espazos máis rurais e na vila de Caión: Dentro do propio territorio, realízase un desprazamento activo a pé e/ou en bicicleta, xeralmente este último vinculado ao ocio e ao deporte. Mais, a distancia respecto aos servizos (colexio, actividades extraescolares, hospitais, etc.) fai que sexa necesario contar con outras formas de transporte non activo (bus e, maioritariamente, coche). Da mesma forma, moitas persoas do centro urbano de Torás contan con familia nas parroquias máis rurais, e realizan o desprazamento das mesmas a través do coche.

Por outra banda, a forma de realizar estes casos de forma activa tende a ser de xeito non autónomo, estando os NNA acompañados de persoas adultas, tal e como sinala o 75% dos participantes nos encontros dirixidos a ANPAS e asociacións. Nesta ocasión, de novo, o motivo desta non autonomía está vinculada coa presenza de varios puntos negros para a mobilidade no centro urbano de Torás. Mais, esta autonomía nos desprazamentos sofre un cambio notorio unha vez chegadas as idades da ESO, sendo moito máis frecuente, e incluso maioritario, que o desprazamento se realice coa compañía de máis adolescentes, sexa a cuestións académicas, sexa por cuestións de ocio e tempo libre.

Gráfico 23. Desprazamento activo e autonomía dos NNA da Laracha segundo as persoas adultas




Fonte: Encontros Participativos celebrados coas ANPAS e as asociacións do municipio da Laracha



Mentres, para os nenos e nenas, como foi sinalado, a mobilidade activa supón para un 36% das respostas o medio habitual para realizar os seus desprazamentos. Dentro da mesma, a forma de facelo máis habitual é a de camiñar sós ou en compañía de outros nenos e nenas supón un 54% dos desprazamentos activos, seguido de contar coa compañía de adultos con un 26% e, por último, un 20% mediante a bicicleta ou o patinete.


Gráfico 24. Desprazamento activo dos nenos e nenas da Laracha segundo os nenos e nenas



Fonte: Encontros Participativos celebrados nos CEIPs

Para o alumnado de 1º da ESO, o porcentaxe de desprazamentos activos é lixeiramente superior ao dos nenos e nenas de 5º e 6º de EPO, situándose nun 56% de respostas. Así, a principal referencia entre os dous grupos de NNA reside no peso de camiñar con adultos, non cotando con ningunha resposta entre o alumnado de 1º da ESO, mentres que no caso do alumnado de 5º e 6º de EPO establécese como a segunda principal forma de mobilidade activa.

Gráfico 25. Desprazamentos do alumnado de 1º da ESO dos encontros participativos



Fonte: Encontros Participativos celebrados no IES.



### 9.3. SINISTRALIDADE E SEGURIDADE VIARIA

Os datos dispoñibles no referido á sinistralidade recollen os datos para o ano 2022 e son ofrecidos a través de estatística recollida e facilitada dende os propios corpos de seguridade de tráfico da Policía Local da Laracha.

Así, 2022, rexistráronse un total de 73 accidente de tráfico, nos cales 17 contaron con feridos. Dentro destes últimos, 2 tiveron a implicación de menores de idade, sendo un deles implicando feridos estando a pé e outro con menores pasaxeiros en coche ou furgoneta. Dentro de estes dous casos de menores implicados en accidentes de tráfico, cóntase co seguinte número de menores e coa seguinte distribución por idade:


Táboa 20. Número de menores implicados en accidentes de tráfico segundo idade

Idade	Número
0-5 anos	1
6-11 anos	2
12-17 anos	1
Total menores	4

Fonte: Rexistro da Policía Local da Laracha.

Vinculado a isto, en primeiro lugar, os encontros celebrados coas entidades e as ANPAS sinalan una percepción dun municipio seguro de forma xeral, especialmente nas contornas menos urbanas, pero que na parroquia de Torás conta cunha serie de puntos negros. Así, estes dous elementos chave na visión do municipio, fai que as persoas adultas concentren a súa percepción de seguridade entre o “Bastante seguro” (40%) e o “Algo seguro” (44%), quedando o restante porcentaxe limitado ao 16% do “Pouco seguro”.

Gráfico 26. Percepción de seguridade no municipio da Laracha para os membros das ANPAS e Asociacións




Fonte: Encontros Participativos celebrados coas ANPAS e as asociacións do municipio da Laracha



Por outra banda, os nenos e nenas mostran unha tendencia similar aas persoas adultas: percibir a Laracha como un municipio seguro. Así, o 50% dos NNA participantes nos encontros sinalan que se trata dun lugar “moito” ou “bastante” seguro para pasear e andar en bicicleta e para un 28% tamén é “Algo” seguro. Mais, pola contra, é preciso sinalar que un 22% de nenos e nenas perciben o municipio como nada ou pouco seguro, 6 puntos porcentuais máis que as persoas adultas.


Por contra, o alumnado de 1º da ESO do IES Agra de Leborís sinala unha maior sensación de inseguridade en termos de mobilidade. En concreto, o 12% dese alumnado sinala que o municipio é nada seguro, 4 puntos porcentuais a maiores que os nenos e nenas de 5º e 6º de EPO, e un 40% o sinala como “moito” ou “bastante” seguro, fronte a un 50% dos nenos e nenas de 5º e 6º de EPO.

Gráfico 27. Percepción de seguridade para os nenos e nenas de entre 10 e 11 dos encontros participativos



Fonte: Encontros Participativos celebrados nos CEIPs

Gráfico 28. Percepción de seguridade no municipio da Laracha para o alumando de 1º de ESO nos encontros participativos






Fonte: Encuentros Participativos celebrados no IES.

Dentro destes nenos e nenas, compre sinalar que non existe unha diferenza significativa entre sexos, coa excepción de que son eles os que tenden a sinalar o municipio como “pouco” (14%) ou “nada” (14%) seguros mentres que as respostas máis negativas de elas orbitan na opción de resposta “algo” (40%) e “pouco” (11%). Pola contra, si podemos observar unha diferente percepción no referido á cuestión do lugar no que viven, confrontando aqueles que viven en espazos máis urbanos (Laracha, Paiosaco e Caión) e aqueles que viven noutros lugares ou aldeas.

Así, aqueles que viven en espazos urbanos, sinalan menos as opcións máis positivas, contando con un 45% de percepción de moita ou bastante seguridade, fronte a un 53% de nenos e nenas que viven noutro lugar ou aldea, que perciben o municipio como algo seguro. Tamén, un 11% de aqueles que viven en vilas sinalan que é “nada” seguro, mentres que só un 5% dos nenos e nenas doutros lugares menos urbanos o sinalan. Supón, por tanto, que son as realidades de contextos máis rurais os que sinalan como máis seguro o municipio, pero non tras unha basta diferenza, se non que cunha percepción, en ambos casos, de estar nun municipio máis seguro que inseguro, aínda que queden elementos a mellorar.

Gráfico 29. Percepción de seguridade para os nenos e nenas de entre 10 e 11 dos encontros participativos segundo lugar de residencia dentro do municipio



Fonte: Encuentros Participativos celebrados nos CEIPs.

No referido a isto último, o esencial espazo a mellorar trátase da parte do municipio pola que atravesa a rúa xeral, tal e como argumentaron tanto nenos como adultos nos encontros celebrados ao longo do proceso participativo:




“Eu en Caión e Baldaio síntome ben andando e estando en bici cos meus amigos, pero se tivese que ir pola Laracha (Torás) íao pensar dúas veces por culpa da rúa” (Neno do encontro co CEIP de Caión)

“Eu teño a meu fillo esperando por alguén para que o cruce, porque dame moito reparo deixalo cruzar co perigosa que é esa rúa” (Nai dun neno da Laracha durante o encontro coas ANPAs dos CEIPs e do IES)

Pola contra, son os espazos mas naturais os que contan con unha valoración máis positiva, de xeito xeral, debido á menor presenza dos coches, destacando o camiño cara Gabenlle, e, incluso, a zona de Caión, con rúas estreitas e un urbanismo que facilita a da veciñanza e a menor presenza do coche e a menor velocidade.

Mentres, o alumando de 1º da ESO do IES Agra de Leborís contan con unha percepción lixeiramente diferente á sinalada anteriormente. Así, o porcentaxe de alumnado que percibe o municipio como “moi seguro” é menor, sendo nulo no caso das persoas que viven fora do ámbito urbano do municipio. Ademais, nesta ocasión, a percepción negativa conta con maior volume ao revisar as respostas do alumnado que vive nas zonas máis rurais ou semi-rurais.

Gráfico 30. Percepción de seguridade para o alumnado de 1º de ESO dos encontros participativos segundo lugar de residencia dentro do municipio



Fonte: Encontros Participativos celebrados no IES.

O motivo desta lixeira diferenza vincúlase en moitos casos coa percepción de inseguridade á hora de desprazarse en bicicleta ou patinete. Nese sentido, alumnos e alumnas mencionaron a falta de infraestrutura ciclable, a inseguridade da rúa que atravesa o casco urbano e o incivismo de certos condutores. Tamén, gardando certa relación con isto, mencionouse, tamén, a falta de espazo nas beirarrúas, vinculado ás horas puntas e a que moitas persoas que empregan a



bicicleta para desprazarse teñan que facer uso das mesmas debido á falta de seguridade na rúa. Do mesmo xeito, tamén se mencionou a importancia de dotar de melloras que faciliten a seguridade dos peóns, sinalando a falta de iluminación en certas zonas do centro urbano de Torás.

#### 9.4. ACCESIBILIDADE

No Concello da Laracha non se conta con normativa municipal concreta en materia de accesibilidade, estando esta vinculada ás leis de accesibilidade autonómica e estatal. Mais, compre destacar que sí que existen diversas actuacións que pretenden mellorar a accesibilidade dos espazos públicos a través de dotacións como:

- Pictogramas na sinalización das rutas a pé.
- Melloras de accesibilidade na área recreativa de Gabenlle (adequación do camiño e creación dunha pasarela entre os dous espazos).
- Actuacións en espazos de peóns e espazo urbano (corrección de anchos, pendentes e cambio de sinalización)
- Aumento de prazas para vehículos de mobilidade reducida (sendo a actuación máis recente a vinculada ao proceso de humanización da rúa Xosé Manuel Ferreira Penedo).

### 10. SERVIZOS SOCIAIS

A información aquí recollida está baseada, a súa maioría, nos rexistros dos diferentes departamentos dos Servizos Sociais do Concello da Laracha. Nese sentido, compre sinalar como, trala posta en contacto co persoal desas áreas, existen casos nos que tan só se conta con datos rexistrados das dúas últimas anualidades (2021 e 2022) debido á falta de datos dende o Servizo de Educación e Apoio Familiar (SEAF), antes Programa de Educación Familiar.

#### 10.1. INTEGRACIÓN SOCIAL

No referido ás axudas para NNA en risco de exclusión social, os datos dispoñibles dende o Instituto Galego de Estatística teñen rexistrados, no ano 2021, un total de 8 persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e, en concreto, 7 trátanse de mulleres. Da mesma forma, das 6 Axudas de Integración Social (AIS), 5 do total de beneficiarios/as son mulleres, mentres que só un é un home. Nese sentido, compre sinalar que estas axudas contan como factor de exclusión social, requisitos que afectan á hora de ser beneficiario/a da axuda, a existencia de cargas familiares non compartidas. O que supón que as mulleres, aquelas sobre as que recae maioritariamente o peso dos coidados, tendan a contar con maior presenza e que en moitos casos estas axudas sexan tamén beneficiarios “indirectos” os nenos, nenas e adolescentes dos que a persoa beneficiaria é cargo.



Tamén, a nivel municipal, cóntase con unha serie de recursos de asistencia para as persoas en risco de exclusión social, sexa por factores económicos (rentas baixas) ou outros factores sociais (como persoas inmigrantes, emigrantes retornados con baixos recursos e vítimas de violencia de xénero). Na ordenanza municipal que se resgarda estas axudas de integración queda definido que estarán vinculadas ás seguintes cuestións:

- Campos que queden fora das axudas existentes a nivel municipal e estatal (alimentos, vestiario, gastos sanitarios, etc.).
- Axudas para o uso e mantemento de vivendas (equipamento básico, arranxos e pago de recibos da luz/gas/cotas comunitarias).
- Transporte ou gasto derivados dos desprazamentos (para acceder aos recursos asistenciais ou sanitarios fora do propio municipio cando sexan debidos a tratamentos, xestións ou actividades que non poidan ser levados a cabo dentro e, tamén, dentro do propio municipio cando estes sexan motivadas polas xestións relacionadas co programa de educación familiar, asistencia a recursos sociais ou sanitarios).
- Axudas para realización de actividades de inserción socio-laboral.
- Axudas para aloxamento alternativo.
- Axudas para sepelio.
- Outros gastos excepcionais.

No referido aos programas de integración social, cóntase con actuacións propias dentro do Programa “Educa en Positivo”. Nese sentido, pódese destacar a acción 2 “Aprendemos Xuntos”, dirixidos ás familias para dotalas dunha parentalidade positiva a través da formación en competencias emocionais, educativas e parentais. Esta acción conta, no ano 2022, cun total de 35 pais e nais, sendo 11 homes e 24 mulleres, aumentando os números de 2020 (22) e o 2021 (20). Nese sentido, compre sinalar que o volume de pais ronda o 20-30%, sendo as nais as que máis presenza teñen nas actividades da escola de pais e nais do programa.

Da mesma forma, a acción 1 “Un paso adiante”, xa mencionada no proceso de integración escolar, tamén é un apartado fundamental no proceso de integración social para estes nenos, nenas e adolescentes. Así, contan con unha asistencia para a formación académica, así como no desenvolvemento de habilidades e capacidades sociais, cunha especial atención na axuda para a realización das tarefas académicas.

Por outra banda, é preciso sinalar que, pese a que non existen programas máis específicos na integración social de NNA, tanto a través das actuacións do programa de “Educa en Positivo” como a través das diferentes axudas e outras actuacións (material escolar, intervención familiar,



etc.) existe unha rede de soporte chave para o proceso de integración social de NNA en risco de exclusión e a súa familia.

## 10.2. DIVERSIDADE FUNCIONAL

No presente apartado, cóntase con dous datos diferenciados: por un lado, as estatísticas dos Servizos Sociais do Concello e, por outro, os datos recollidos dos CEIPs e IES. O motivo desta diferenciación reside na posibilidade de que o rexistro municipal careza da totalidade casos posibles, debido a que moitos NNA non precisan ou non ven necesario rexistrar a súa situación nos Servizos Sociais municipais, mentres que os centros de educación primaria e secundaria contan cun contacto directo con boa parte de aqueles NNA que contan con diversidade funcional. Desta forma, preténdese que o número rexistrado sexa o máis realista posible, así como realizar unha comparación entre os dous rexistros, dentro das posibilidades, xa que A Laracha non conta con centros especializados en educación para persoas con diversidade funcional nin conta con asociacións referidas a esta temática. Así, as persoas e NNA con diversidade funcional, contan con asistencia dentro dos propios centros educativos e fora de horario lectivo, tenden a asistir aos espazos de asociacións de diversidade funcional fora do municipio, como Carballo (ASPABER e APEM) e A Coruña.

Nese sentido, o número de NNA cun grao de discapacidade recoñecido, recollido polos Servizos Sociais municipais, no ano 2021 foi de 1 neno de entre 6-11 anos, aumentando no ano 2022 en un neno máis, cunha idade comprendida entre os 0 e os 5 anos. Mentres, nos CEIPs, no ano 2022, cóntase co rexistro de 15 nenos e nenas con diversidade funcional, coas seguintes tipoloxías:

Táboa 21. Nenos e nenas segundo tipoloxía da súa diversidade funcional nos centros educativos

	Homes	Mulleres	Total
<b>Discapacidade intelectual</b>	3	1	4
<b>Discapacidade mental</b>	5	0	7
<b>Discapacidade física</b>	1	1	2
<b>Discapacidade sensorial</b>	0	0	0
<b>Enfermedades raras</b>	0	0	0
<b>Sen discapacidade recoñecida</b>	2	0	2

Fonte: CEIPs



### 10.3. SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

O Concello da Laracha conta cun servizo de atención temperá, onde os nenos e nenas de entre 0 e 6 anos, as súas familias e a súa contorna contan con servizos de atención e asesoría para que poidan ser derivados/as a unha posterior atención profesional. Este servizo ofrece unha intervención biopsicosocial para favorecer a adquisición ou a recuperación de funcións e habilidades persoais dos/das menores, así como a mellora da autonomía da convivencia social e familiar, e da inclusión social. A continuación, recóllense as diversas áreas e as casuísticas concretas que se abordan nas mesmas:

Táboa 22. Áreas e intervención do Servizo de Atención Temperá do Concello da Laracha

Áreas	Intervencións
<b>Logopedia</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>Retraso da linguaxe</li><li>TEA, TDAH</li><li>Trastornos do neurodesenvolvemento</li><li>Trastornos da comunicación</li><li>Deglución</li><li>Dificultades de aprendizaxe</li></ul>
<b>Psicoloxía</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>TEA</li><li>TDAH</li><li>Dificultade de aprendizaxe</li><li>Altas capacidades</li><li>Medos indantís e fobias</li><li>Problemas de conduta</li><li>Dificultades para conciliar o sono</li><li>Falta de habilidades sociais</li><li>Problemas de autoestima</li><li>Ansiedade e depresión</li></ul>
<b>Fisioterapia</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>Alteracións no desenvolvemento</li><li>Alteracións respiratorias</li><li>Alteracións neurolóxicas</li><li>Alteracións orofaciais</li></ul>
<b>Terapia ocupacional</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>Trastornos do neurodesenvolvemento</li><li>Dano cerebral conxénito ou adquirido</li><li>Dificultades na motricidade</li><li>Trastornos do procesamento sensorial</li><li>Asesoramento e prescrición de ortesis</li><li>Dificultades derivadas dos trastornos do neurodesenvolvemento</li><li>Prescrición e adestramento no uso de férulas, ortesis e ferramentas de apoio</li></ul>

Fonte: Concello da Laracha



Para o desenvolvemento deste servizo cóntase con unha profesional para cada unha das áreas (psicoloxía, logopedia, terapia ocupacional e fisioterapia) con formación e experiencia en desenvolvemento infantil, atención temperá e apoio familiar. Da mesma forma, para a correcta efectividade do servizo, contase cunha coordinación cos diferentes recursos sanitarios, educativos e sociais do municipio.

Tamén, vinculado a este servizo, púxose en marcha as primeiras xornadas para as familias dende a Atención Temporal para as familias con fillos/as de 0 a 6 anos nas que se trataron temas como:

- Fisioterapia respiratoria
- Manexo de rabieta
- Alimentación infantil
- Primeiros auxilios pediátricos

#### **10.4. INTERVENCIÓN FAMILIAR**

Primeiramente, cómpre diferenciar as diferentes tipoloxías de intervención familiar existentes dentro da área de servizos sociais. Así, cóntase cun proceso de intervención no que existe unha tutela directa por parte dos Servizos Sociais, aqueles casos nos que se conta con unha medida de protección xudicial, na que os menores contan con respaldo por parte da administración, derivado de situacións de risco no seno da familia tutelar, e aquelas nas que existe unha intervención concreta por parte dos Servizos Sociais, sexa por unha situación de risco (falta de sustento económico, falta de medidas de saúde no fogar, etc.) ou por unha situación de desamparo.

Para o primeiro caso, o de NNA tutelados pola administración, cóntase cun total de 4 para cada un dos anos 2021 e 2022. Mais, respecto ás idades e o sexo, existe a seguinte distribución:

- No ano 2021, mantense a tutela de un neno e unha nena de entre 6 e 11 anos e un e unha adolescente de entre 12 e 17 anos.
- No ano 2022, mantense a tutela dun neno de entre 0 e 5 anos, un mozo e dúas mozas de entre 12 e 17 anos.

No referido a intervención a través de medidas de protección xudicial, no ano 2021 tan só se conta cun caso dunha adolescente, cunha idade entre os 12 e os 17 anos de idade. Mentres que no ano 2022 aumentase ata un total de 6, que contan coa seguinte distribución:

- 2 nenos e 1 nena de entre 0 e 5 anos.
- 3 mozas de entre 12 e 17 anos.



Por último, o número de intervencións por parte dos servizos sociais no ano 2021 foi de 11 e no ano 2022 foi de 13. Non existe unha tendencia clara, mais compre sinalar que nos dous anos as idades entre 12 e 17 anos son as que contan con un maior número de intervencións (con un total de 6 en ambos anos). A continuación recollese a distribución de casos de intervencións por parte dos Servizos Sociais nos anos 2021 e 2022.

Táboa 23. Intervencións a menores do municipio da Laracha


	2021			2022		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
0-5 anos	1	0	1	5	1	6
6-11 anos	2	2	4	0	1	1
12-17 anos	3	3	6	2	4	6
Total menores	6	5	11	7	6	13

Fonte: Rexistro dos Servizos Sociais da Laracha.

## 10.5. VIOLENCIA DE XÉNERO

A nivel municipal, cóntase cunha serie de recursos propios para a asistencia de mulleres vítimas de violencia de xénero, así como dos menores ao seu cargo. Esencialmente, estes recursos están vinculados ao Centro de Información á Muller do municipio, servindo como espazo de apoio, dinamización e asesoramento ás vítimas. Así, o número de usuarias destes recursos para o ano 2022 é de 289, incrementando respecto aos anos anteriores:

Gráfico 31. Evolución do número de usuarias dos recursos destinados ao apoio de vítimas de violencia de xénero



Fonte: CIM.

Mais, por outra banda, é preciso contar co rexistro de vítimas de violencia de xénero, tanto mulleres como membros menores de idade da propia familia. Nese senso, téñense en conta as

mulleres en situación de violencia de xénero, pero tamén aqueles varóns menores de idade que poidan ser vítimas da violencia de forma directa ou que sufran consecuencias derivadas da mesma. Así, o número de persoas rexistradas entre o período 2018-2022 é, de media, 158, das cales mais da metade se corresponden con nenos, nenas e adolescentes.

## 10.6. ATENCIÓN E PREVENCIÓN DE ADICIÓN S

Nesta materia, tamén se conta coa Asociación Vieiro, encargada, principalmente, da atención xurídica a persoas con problemas derivadas da adicción e as familias. Mais, tamén se conta con unha serie de actividades de concienciación sobre o consumo de drogas e outras adiccións na que participan NNA e diversos Centros de Educación Primaria, Institutos e outras áreas.

Nese sentido, fora dos centros educativos, a asociación ten realizado xornadas de sensibilización neste apartado, podendo destacar o caso de *Desconecta*. Na mesma, a través da formación impartida pola Educadora Social da asociación, dotouse a varios adolescentes de coñecementos sobre os riscos das novas tecnoloxías, no referido ao abuso e mal uso das mesmas.

## 11. RECURSOS SANITARIOS

O Concello da Laracha está integrado dentro da Área Sanitaria da Coruña-Cee, estando vinculado ao Complexo Hospitalario da Coruña (CHUAC) e ao Hospital Materno Infantil da Coruña. Ademais, comparte o servizo de ambulancia cos municipios de Carballo, Coristanco e Arteixo, contando cun total de 2 ambulancias para cubrir ás 3 localidades.

Dentro do propio municipio, cóntase con un Centro de Saúde, o cal dispón de persoal especializado en termos de atención infantil, en concreto dispónse de un/unha pediatra e un/unha enfermeiro/a encargado de atención a menores de 16 anos.

Por outra banda, compre mencionar que o Concello da Laracha é un dos pobos con unha taxa de suicidio máis alto a nivel nacional, establecéndose con un 17 por cada 100.000 habitantes, mentres que a nacional establécese nos 8,44 cada 100.000. Nese sentido, os recursos dispoñibles para a xestión da saúde mental están vinculadas aos recursos a nivel autonómico e nacional, como os servizos de atención psicolóxica da sanidade pública e o teléfono de prevención do suicidio, así como outros recursos vinculados á xestión emocional a través de programas da Xunta de Galicia e os recursos vinculados co Centro de Información a Muller.



## 12. ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS

No seguinte apartado detállanse as diferentes actividades culturais e deportivas ofertadas para os NNA do municipio da Laracha. Dentro das mesmas, compre sinalar a diferenza entre as ofertadas directamente pola propia administración local, aquelas que están vinculadas aos centros educativos e as súas ANPAs e aquelas que son ofertadas pola diferentes entidades do deportivas e culturais do municipio.

### 12.1. ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS MUNICIPAIS

As actividades municipais do Concello da Laracha contan con unha ampla diversidade de opcións, tanto no sentido da gama de actividades ofertadas como polo período e idades que estas abarcan. Así, as actividades ofertadas ao longo do ano 2022 son as seguintes:

Táboa 24. Actividades Extraescolares municipais ofertadas no ano 2022

Actividade	Período	NNA matriculados/as	Modalidades
Fútbol Sala	Curso escolar	40	
Informática	Curso escolar	9	
loga	Curso escolar	27	
Manualidades	Curso escolar	40	<ul style="list-style-type: none"><li>Torás</li><li>Paiosaco</li></ul>
Patinaxe	Curso escolar	53	<ul style="list-style-type: none"><li>Iniciación</li><li>Perfeccionamento</li><li>Patinaxe en Caión</li></ul>
Robótica	Curso escolar	26	
Zumba kids	Curso escolar	73	<ul style="list-style-type: none"><li>Torás</li><li>Paiosaco</li></ul>
Baloncesto	Verán	95	
Karts	Verán	29	
Fútbol	Verán	97	
Humor amarelo	Verán	70	
Kaiak	Verán	13	



<b>Campamento</b>	Verán	102	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Campamento de Caión</li><li>▪ Campamento Urbano</li></ul>
<b>Paintball</b>	Verán	36	
<b>Rafting</b>	Verán	30	
<b>Rocódromo</b>	Verán	14	
<b>Surf</b>	Verán	25	
<b>Trampoline Park</b>	Verán	52	

Fonte: Departamentos de Cultura e Deportes do Concello da Laracha.

Respecto a estas actividades, compre sinalar que de esas 831 prazas existe unha forte diferenza en canto a idade das persoas matriculadas segundo se son actividades durante o curso académico ou de verán. Tal é o caso, que mentres que as actividades celebradas durante o curso contan cunha media de idade menor de 9 anos, as actividades de verán contan con unha media de 12 anos, contando algunhas actividades (como os karts, o rafting ou o kaiak) cunha media superior aos 15 anos. Nese sentido, sería preciso indagar nunha posible escasa oferta para o público adolescente, a falta de chegada de información ao mesmo, a pouca dispoñibilidade de tempo nalgunha desas idades ou a preferencia por unhas actividades máis autónomas. Mais, tamén compre mencionar que, pese a que se trata dunhas idades de entre 12 e 13 anos, o alumnado participante nos encontros celebrados no IES Agra de Leborís sinalou, en varias ocasións, a diversidade de actividades e a suficiente oferta de ocio existente no municipio.

A continuación, recóllense dous exemplos de cartaces para as actividades municipais para adolescentes e menores de 12 anos celebradas no verán de 2022. Nese sentido, tamén compre sinalar a existencia de campamentos, con diversas actividades e de deportes concretos, que permiten dinamizar o xogo dos NNA nos períodos non lectivos e, da mesma forma, facilitar a conciliación para as familias.



Imaxe 9. Carteis das actividades de verán para maiores e menores de 12 anos, respectivamente, do Concello da Laracha.

**Actividades Verán 2022 X JUVENTUDE**  
(A partir de 12 anos)

**CAMPAMENTOS (Nados 2007-2010)**  
 CAMPAMENTO OXÓN: do 4 ao 8 de xuño (10:00-16:00h) 20€  
 CAMPUS DE FÚTBOL: do 18 ao 22 de xuño (10:30-13:30h) 10€  
 CAMPUS DE BALONCESTO: do 1 ao 5 de agosto (10:30-13:30h) 10€

**Saídas desde a Praza de Concello**

<b>KAJAK (FRAGAS DO EUME)</b> VIÑEIS 20 DE XUÑO 10:00-18:00h 6€	<b>TIRÓLINA XIGANTE E SETA DO FONDOL (A PONTENGA)</b> VIÑEIS 20 DE XUÑO 9:00-18:00h 8€
<b>CIRCUITO DE KARTS (MANTING MONTAÑALO + VIMBARDI)</b> VIÑEIS 3 AGOSTO 9:30-14:00h 10€	<b>RODODROMO (Hangar 4 A Canalas)</b> VIÑEIS 12 AGOSTO 10:00-13:30h 8€
<b>PAINTBALL (A LAGOA-VALDOVIÑO)</b> VIÑEIS 3 AGOSTO 9:30-14:00h 10€	<b>HUMOR AMARELO (A CORUÑA)</b> VIÑEIS 20 AGOSTO 10:00-14:00h 10€

**INSCRIBETE**  
 INSCRIPCIÓN A PARTIR DO 15 DE XUÑO  
 -Web: alaracha.gal  
 -Presencial no Concello

**RAFTING RÍO ULLA**  
XOVES 20 AGOSTO  
10:00-18:00h  
12€

**CONCELLO DA LARACHA**  
 @ConcelloLaracha  
 @JuventudeLaracha  
 -INFO: alaracha.gal

**ACTIVIDADES VERÁN INFANTIS (Nados 2011-2019)**

**CAMPAMENTOS**  
 CAMPAMENTO URBANO NA LARACHA: do 4 ao 8 de xuño (nados 2015-2018) Do 9:30 13:30h, 10€  
 CAMPAMENTO DE VERÁN EN CAJÓN: do 11 ao 15 de xuño (nados 2011-2014) Do 10:00-18:00h, 25€  
 CAMPUS DE FÚTBOL: do 18 ao 22 de xuño (nados 2011-2017) Do 10:30-13:30h, 10€  
 CAMPUS DE BALONCESTO: do 1 ao 5 de agosto (nados 2011-2017) Do 10:30-13:30h, 10€

**DIVER JUMP TRAMPOLINE PARK (VIÑEIS)**  
 VIÑEIS 1 XULLO  
9:30 a 14:00h  
Nados 2011-2019  
6€

**KAJAK (FRAGAS DO EUME)**  
 VIÑEIS 20 DE XUÑO  
10:00 a 18:00h  
Nados 2011-2019  
6€

**PAINTBALL (VALDOVIÑO)**  
 LUNS 8 AGOSTO  
Do 9:30 a 14:00h  
Nados 2011-2019  
10€

**HUMOR AMARELO (A CORUÑA)**  
 XOVES 11 AGOSTO  
10:00 a 14:00h  
Nados 2011-2019  
8€

**CIRCUITO DE KARTS A PERRAS**  
 VIÑEIS 18 AGOSTO  
Do 10:30-13:30h nados 2015-2018  
Do 10:30-13:30h nados 2011-2014  
GRATUITO

**SURF EN CAJÓN**  
 LUNS 22 AGOSTO  
Do 10:30 a 13:30h  
Nados 2011-2019  
8€

**INSCRIPCIÓN A PARTIR DO 15 DE XUÑO**  
 -Web: alaracha.gal  
 -Presencial no Concello

**CONCELLO DA LARACHA**  
 @ConcelloLaracha  
 @JuventudeLaracha  
 -INFO: alaracha.gal

Tamén, existen unha serie de actividades celebradas de xeito puntual ao longo do ano, moitas vinculadas con festividades tales como o Entroido ou o Nadal:

- Obradoiro de Galletas
- Obradoiro de Máscaras de Entroido
- Realidade virtual
- Scape room

## 12.2. ACTIVIDADES PARA NNA DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS E DEPORTIVAS

Dentro do municipio tamén existen unha serie de actividades ofertadas por entidades, asociacións, clubs e empresas nas que participan Nenos, Nenas e Adolescentes. Por iso, recóllense a continuación un listado de entidades que facilitaron información á presente diagnose, as actividades ofertadas e estatística respecto ao volume de matriculacións existente nas mesmas.

### 12.2.1. CLUB PATÍN CONXURO

O Clube de Patín Conxuro realiza actividades estreitamente vinculadas con este deporte, o patinaxe. Nese sentido, realízanse, entre outras, as seguintes actividades:

- Adestramentos
- Competicións
- Galas
- Exhibicións



- Tecnificacións
- Excursións
- Xornadas de convivencia
- Campus Deportivos

No ano 2022 contou con un total de 67 NNA participantes nas actividades do clube, sendo un 94% nenas e sendo as idades con maior volume as que comprenden os 6 e os 11 anos (46%). A continuación detállanse as matriculacións por sexo e idade:

Táboa 25. NNA participantes nas actividades do Club Patín Conxuro no ano 2023

	Homes	Mulleres
0-5 anos	1	8
6-11 anos	1	32
12-17 anos	2	27
Total	4	67

Fonte: Club Patín Conxuro.

### 12.2.2. A CASA DA MÚSICA

Trátase de un centro de formación, de carácter privado, que conta con clases de diversos instrumentos musicais (guitarra, piano, gaita, fruta, instrumentos de percusión, etc.), así como canto e coro. Na mesma, cóntase coa asistencia de cerca de 100 nenos, nenas e adolescentes de diversas idades, repartidos a partes iguais entre o sexo masculino e feminino.

### 12.2.3. UNIÓN DEPORTIVA PAIOSACO

A U.D. Paiosaco trátase dun clube de fútbol fundado en 1961, que conta coas instalacións deportivas do Campo Municipal “A Porta Santa”, cunha capacidade de 500 asistentes. O mesmo, está na Terceira División do fútbol nacional masculino e conta con categorías inferiores nas que participan nenos, nenas e adolescentes. En concreto, as actividades son as correspondentes ás de un clube de fútbol, adestramentos e partidos dese deporte.

Respecto aos participantes, do total de 250, o 94% dos mesmos correspóndese co xénero masculino. Respecto ás idades, o 51% correspóndese coas idades de entre 12 e 17 anos, o 44% coas idades comprendidas entre os 6 e os 11 e, por último, un 5% son idades menores de 5 anos. Nese sentido, a distribución de idade e xénero é a seguinte:



Táboa 26. NNA participantes nas actividades da UD Paiosaco no ano 2023

	Homes	Mulleres	Total
<b>0-5 anos</b>	12	0	12
<b>6-11 anos</b>	107	4	111
<b>12-17 anos</b>	117	10	127
<b>Total</b>	236	14	250


Fonte: UD Paiosaco.

## 13. OCIO E TEMPO LIBRE

### 13.1. TEMPO LIBRE DISPOÑIBLE

Nese sentido, podemos sinalar como tamén dende a mirada das persoas adultas existe un percepción de existir un tempo libre insuficiente, sendo un 83% do total de participantes. Ademais, compre sinalar que o motivo acusado da falta de tempo libre foi a carga temporal das actividades extraescolares, sendo en moitas ocasións resultado da percepción das mesmas como un forma de facilitar a conciliación.

Gráfico 32. Percepción da suficiencia/insuficiencia do tempo libre dos NNA para as persoas adultas




Fonte: Encuentros Participativos celebrados coas ANPAS e as asociacións do municipio da Laracha.

De forma similar, os nenos e nenas participantes nos encontros celebrados co alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria dos centros educativos do municipio da Laracha manifestaron, nun 62% dos casos, o contar con pouco tempo libre.



Gráfico 33. Percepción do tempo libre dispoñible para os nenos e nenas.



Fonte: Encuentros Participativos celebrados nos CEIPs

O motivo é, tal e como manifestaron a través de intervencións orais, o amplo espazo que lles ocupa as actividades extraescolares e, nalgúns casos, as cuestións académicas como o estudo e os deberes. Así, nalgúns casos cóntase con actividades extraescolares que ocupan a totalidade, ou case, de días da semana en horario non lectivo.


Malia iso, algúns nenos e nenas manifestaron non ver iso con malos ollos, debido a que son actividades que eles e elas escolleron facer e, en especial, que son espazos onde poden socializar e pasar tempo con outros nenos e nenas.

“Eu teño moitas actividades, teño unha cada día e só descanso os domingos pola tarde. Pero tampouco me parece algo malo, porque son cousas que me gustan e pásoo ben, estou cos meus amigos e podo falar, ademais de facer as cousas das propias actividades.” (Neno no encontro do CEIP de Caión)

Por outra banda, o alumnado de 1º de ESO do Ies Agra de Leborís presenta certa diferenza con respecto aos nenos e nenas de 5º e 6º de EPO. Así, as respostas do encontro participativo amosan como percepción maioritaria o dispoñer de algo de tempo libre (39%), seguido de pouco (37%) e, por último e con similar resultado que no caso dos nenos e nenas de 5º e 6º, a percepción de moito tempo libre (24%). Nesta ocasión, a cuestión das actividades extraescolares non tivo mencións, sendo o principal motivo desa sensación de non dispoñer de moito tempo libre a carga lectiva (estudar, deberes, etc.).



Gráfico 34. Percepción do tempo libre dispoñible para o alumnado de 1º da ESO.




Fonte: Encuentros Participativos celebrados no IES.

### 13.2. ESPAZOS DE OCIO E DE TEMPO LIBRE

No referido aos espazos que empregan os NNA, de forma concreta, o 66% das persoas adultas sinalan como os parques e as pistas e outras instalacións deportivas son os espazos que empregan de forma maioritaria. Destacar, por tanto, que os espazos que se perciben como mais empregados son aqueles que están acoutados para o xogo. Pola contra, destacar, o terceiro espazo son as áreas recreativas, espazo que destaca como lugar de ocio e recreo no verán.

Gráfico 35. Percepción dos espazos maioritarios nos que os NNA pasan o tempo de ocio fora do fogar segundo as persoas adultas




Fonte: Encuentros Participativos celebrados coas ANPAS e as asociacións do municipio da Laracha.



En primeiro lugar, partimos da visión que as persoas adultas manteñen sobre os NNA e os seus espazos maioritarios de xogo. Nese sentido, para o 67% o tempo que pasan os nenos, nenas e adolescentes pasando tempo na rúa é insuficiente, en comparación co tempo que se pasaba en xeracións pasadas, e para ningunha das persoas participantes é un tempo excesivo.


Gráfico 36. Percepción do tempo que os NNA pasan tempo nas rúas segundo as persoas adultas



Fonte: Encuentros Participativos celebrados coas ANPAS e as asociacións do municipio da Laracha.

Mais, esta percepción de insuficiencia de xogo e estancia nas rúas carece de vinculación coa preferencia por non xogar na mesma. Así, pese a irrupción das tecnoloxías, os nenos e nenas tenden a ter como preferencia o xogar na rúa e no aire libre, onde poden desfrutar do entorno e atoparse con un maior número de nenos e nenas que noutros espazos. En concreto, o 60% dos case 200 nenos e nenas participantes nos encontros, sinalan que é aí onde prefiren estar durante o seu tempo libre.

Gráfico 37. Espazo onde os nenos e nenas mellor o pasan



Fonte: Encuentros Participativos celebrados nos CEIPs.



Mentres, o porcentaxe restante, repártese case a parte iguais entre os espazos deportivos e socioculturais e na casa. Nesta ocasión, a preferencia polo primeiro está vinculado, esencialmente, á práctica de determinados deportes:

“Eu prefiro en espazos deportivos porque é onde mellor están as cousas para xogar ao fútbol, pero se contase con algunha forma de ter céspede ou pelota para xogar ao fútbol na rúa, xogaríaa” (Nena do encontro do CEIP Otero Pedrayo)

Por último, o preferir estar na casa está vinculado a unha maior percepción de seguridade, de autonomía, de contar co que cada quen prefire e con un espazo onde poder estar coa familia:

“A miña casa gústame porque me sinto cómoda: están meus pais e podo estar con eles, teño os meus xoguetes, teño a miña habitación e máis cousas” (Nena do encontro do CEIP Otero Pedrayo)

De forma similar, o alumnado de 1º da ESO do IES Agra de Leborís sinala a preferencia, incluso de forma máis ampla, por empregar a rúa e outros espazos ao aire libre. Compre sinalar, tamén, que esta diferenza tamén foi mencionada polas persoas adultas nos encontros celebrados coas ANPAs:

“Eu penso que igual os nenos e as nenas poderían estar algo máis na rúa, pero xa cando entran ao instituto e xa empezan a ter máis autonomía aproveitan moito o tempo, especialmente no verán, para ir a zonas como Gabenlle, indo andando eles sós, e as zonas que están xusto en fronte do instituto” (Pai pertencente a unha das ANPAs do municipio).


De xeito similar ao caso dos nenos e nenas de 5º e 6º, os espazos ao aire libre gardan a preferencia pola maior autonomía coa que se conta, podendo decidir dun xeito menos marcado o que querer facer, así como pola súa función de punto de encontro con amizades e coñecidos. Tamén, no caso dos espazos deportivos e socioculturais, a súa preferencia garda relación coas actividades que se fan no mesmo, sendo o espazo no que se dispón de maiores recursos para a práctica de algunhas actividades. Ambas cuestións pódense sintetizar nunha das intervencións entre unha alumna e un alumno:

“A min gústame estar en espazos deportivos porque alí teño as cousas que necesito para pode xogar ás cousas que me gustan. A min gústame o fútbol e o baloncesto, así que se vou aos sitios onde o podo facer, porque alí xa atopo o que necesito (balóns, canastas, porterías, etc.) e ademais sei que moitos amigos meus están alí.” (Alumno de 1º de ESO)



“Boh, alí terás, pero na rúa tamén podes xogar a iso se queres. Pero, ademais, tamén podes xogar ao que che pete e ves a moita máis xente. E, ao final, sempre acabamos xogando ao que sea onde sea, sempre que nos deixen.” (Alumna de 1º de ESO)

Gráfico 38. Espazo onde o alumnado de 1º de ESO o pasa mellor




Fonte: Encuentros Participativos celebrados nos CEIPs

### 13.3. ACTIVIDADES NO TEMPO LIBRE

Fora das actividades académicas e das extraescolares, o que é dicir, aquelas que non contan con regramentación por parte de persoas adultas, os nenos e nenas dos encontros participativos de 5º e 6º de primaria indican que son as seguintes actividades as que máis tenden a realizar:

Gráfico 39. Actividades principais que os nenos e nenas realizan no seu tempo libre




Fonte: Encuentros Participativos celebrados nos CEIPs.

Nese sentido, as actividades que contan con maior peso están vinculadas ao movemento e interactuar con máis nenos, nenas e outras persoas. Pola contra, a lectura e o xogo dentro da casa é o que menor espazo de tempo implica no tempo libre dos nenos e nenas participantes nos encontros. Tamén, compre sinalar o reducido peso do xogo na rúa (12%) pero ao que habería que sumar que moitas das outras actividades tamén se prefiran realizar nese espazo, como o estar cos amigos ou o facer deporte, tal e como se observa no anterior apartado.

Mais, malia a aparente escasa diferenza no marxe de anos, podemos percibir unha notable diferenza entre estes nenos e nenas de 5º e 6º e o alumnado de 1º da ESO. Así, nestes últimos, irrompe en segunda posición, con un 29%, o uso da tecnoloxía, sexa o teléfono móbil ou o ordenador, establecéndose como un elemento central no seu ocio. Por contra, o espazo para o xogo, sexa na rúa ou na casa, pasa dun 20% no caos dos nenos e nenas de 5º e 6º a un 11% no caso do alumnado de 1º da ESO.

Por último, outra das diferencias fundamentais é a gran importancia que ten nestas actividades o estar coas amizades e a familia no seu tempo libre. Se ben no caso dos nenos e nenas de 5º e 6º era tamén unha das principais cuestións, contaba con unha porcentaxe de resposta dun 19%, mentres que para o alumnado de 1º da ESO establécese como a opción primordial cun 30% das respostas.

Gráfico 40. Actividades principais que o alumnado de 1º da ESO realiza no seu tempo libre



Fonte: Encontros Participativos celebrados no IES.




### 13.4. AUTONOMÍA NO TEMPO LIBRE

Respecto a isto, foron sinaladas diversas causas como motivo desta falta de tempo en espazos non acoutados nin pechados, como a rúa, sendo destacadas o tempo que é preciso dedicar a actividades extraescolares, o medo por parte dos pais en relación ao tráfico, a perda do sentimento e a interacción da veciñanza e a maior presenza da tecnoloxía no ocio diario dos NNA. Mais, de novo, percíbese unha diferenza entre a nenez e a adolescencia, destacando que a maior autonomía tende a traducirse nunha maior presenza de espazos ao aire libre e/ou na rúa, destacando, no caso do verán, espazos como a área recreativa de Gabenlle, a cal conta cunha senda, fortemente empregada para paseos en grupo como forma de pasar ese tempo libre.

Vinculado a iso, os nenos e nenas cando desfrutan do seu tempo de ocio na rúa ou noutros espazos exteriores non acoutados, tenden a contar coa vixilancia de persoas adultas. Cuestión que se reproduce, en especial, no espazos máis urbanos, existindo unha maior autonomía nos lugares máis rurais, ao contar con unha maior seguridade viaria e un maior coñecemento da contorna e da veciñanza.

Gráfico 41. Percepción sobre a autonomía dos NNA na rúa segundo as persoas adultas




Fonte: Encontros Participativos celebrados coas ANPAS e as asociacións do municipio da Laracha.

Pese a iso, os nenos e nenas consideran que as súas familias, polo xeral, non teñen problema en deixalos sós ou acompañados de outros nenos e nenas sen ser vixiados por adultos. Tal é así, que só o 22% dos nenos e nenas participantes dos encontros participativos manifestaron que a súa familia non se sentiría cómoda no caso de que tiveran que estar sós.



Gráfico 42. Resultados da pregunta “Gústalle a túa familia que estés só/soa ou acompañado/a por outros nenos e nenas sen supervisión de persoas adultas?” no caso dos nenos e nenas de 5º e 6º de EPO



Fonte: Encuentros Participativos celebrados nos CEIPs

Pese a iso, compre sinalar que os nenos e nenas, independentemente da opción de resposta, sinalan que existe unha serie de motivos que xera incomodidade nas familias:

- Non contar con formas de atopalos localizables: sexa mediante contar con veciñanza ou persoas adultas que poidan notificar calquera problemática ou mediante dispositivos electrónicos (como o teléfono móbil ou o reloxos intelixentes).
- Que no espazo/lugar no que están non haxa presenza de tráfico e se poida camiñar con tranquilidade.
- Que a compañía sexa de confianza, da idade que sexa.
- En horarios nos que sexa día e haxa cerco fluxo e presenza de máis nenos e nenas.

Así, podemos destacar as seguintes intervencións do alumnado:

“Meus pais non teñen problema en que estea só cos meus amigos, porque xogamos cerca da casa, pero se teño que ir algo máis lonxe non lle gusta que vaia soa e non me deixan. Solo vou lonxe con eles ou co meu irmán.” (Nena no encontro do CEIP Alfredo Brañas)


“Gústalles porque queren que socialice con todo o mundo, pero sei que se non fora porque teño o móbil e podo avisar se pasa algo non me deixarían andar só” (Neno no encontro do CEIP Otero Pedrayo)

Mentres, o alumando de 1º da ESO conta con unha maior percepción de autonomía, en dúas vertentes. Por un lado, de forma cuantitativa, conta con un porcentaxe maior de resposta no referido a que si que se amosan cómodas as súas familias en deixalos sós e soas, establecéndose nun 83%. Paralelamente, nesta ocasión, xa de xeito máis cualitativo, non se sinalou ningún tipo



de matiz no referido a ese sentimento de comodidade das familias, máis aló de casos persoais concretos.

Gráfico 43. Resultados da pregunta “Gústalle a túa familia que estés só/soa ou acompañado/a por outros nenos e nenas sen supervisión de persoas adultas?” no caso do alumnado de 1º de ESO



Fonte: Encuentros Participativos celebrados no IES.

## 14. ESPAZOS MUNICIPAIS E ESPAZO PÚBLICO

### 14.1. ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

O Concello da Laracha conta cunha serie de espazos nos que se albergan algúns servizos a nivel municipal e onde se realizan algunhas actividades nas que participan nenos, nenas, adolescentes e adultos. Nese sentido, podemos destacar a existencia de **20 Centros Socioculturais**, **2 Centros de interpretación** e **1 Biblioteca Municipal**. Da mesma forma, o municipio da Laracha carece de espazos concretos de espazos para escolar municipais, se non que dispoñen de aulas concretas dentro dos espazos socioculturais e de interpretación. Da mesma forma, existen unha serie de equipamentos deportivos distribuídos ao longo do Concello, entre os que destaca a existencia de:

- 9 Pistas polideportivas
- 5 Pavillóns Polideportivos Cubertos
- 2 Terreos de Xogo
- 2 Pistas de Pádel
- 1 Piscina cuberta
- 1 skatepark

Por outra banda, cóntase con un total de 16 parques infantís distribuídos entre case a totalidade de parroquias (coa excepción de Coiro e Erboedo):



Táboa 27. Distribución de parques infantís por parroquias do municipio da Laracha

Parroquia	Nº
Cabovilaño	1
Caión	1
Coiro	0
Erboedo	0
Golmar	1
Lemaio	1
Lendo	1
Lestón	2
Montemaior	1
Soandres	2
Soutullo	1
Torás	4
Vilaño	1

Fonte: Rexistro da Área de Obras do Concello da Laracha.

## 14.2. ESPAZOS VERDES

Respecto aos espazos verdes, aqueles que mesturan espazos máis urbanos con elementos vexetais e naturais e outros elementos amigables para o peón (como os bancos), cóntase con un total de 27, distribuídos entre as diversas parroquias do seguinte xeito:

Táboa 28. Número de espazos verdes no municipio da Laracha

Parroquia	Nº
Cabovilaño	4
Caión	4
Coiro	0
Erboedo	1
Golmar	2
Lemaio	2
Lendo	1
Lestón	2
Montemaior	1
Soandres	1
Soutullo	1



<b>Torás</b>	7
<b>Vilaño</b>	1

Fonte: Rexistro da Área de Obras do Concello da Laracha.

Por outra banda, compre sinalar que, a excepción de Torás, as demais parroquias están conformadas por espazos rurais e verdes e, noutros casos, azuis (a costa de Caión e a senda do río Anllóns). Nese sentido, é preciso entrar en detalle da situación do espazo verde dentro da área eminentemente urbana en Torás, para coñecer a funcionalidade dos espazos públicos onde máis é precisa a súa presenza. Por exemplo, recentemente, cóntase coa posta en marcha da humanización da rúa Xosé Manuel Ferreira Penedo, á cal se pretende dotar de espazos de descanso e infraestrutura verde, coa intención de mellorar o uso e disfrute do espazo público.

### 14.3. VIARIO PÚBLICO

No referido ao viario público, compre sinalar a presenza dun viario principal (Ac-552) que atravesa o centro urbano e que conecta o municipio con Carballo, Arteixo e A Coruña. Nese sentido, trátase dun elemento urbanístico que condiciona a organización urbana do conxunto da cidade, sendo o espazo para o vehículo motorizado o que centra o desenvolvemento do mesmo. Así, o centro urbano no conta con espazos peonís particulares, estando limitado a beirarrúas e espazos públicos como prazas ou parques. Da mesma forma, non se conta con un carril-bici pensado para a circulación cotiá, estando limitada ao uso de beiravías nos tramos da AC-552.

Mais, a nivel peonil cóntase coa chamada “Ruta do Colesterol”, unha ruta pensada para o ocio e o deporte que consta de cerca de 4 km e une Cabovilaño e Paiosaco, e a ruta do Paseo Fluvial do Río Anllóns, por unha senda verde e azul de entorno a 6 km de distancia. Da mesma forma, o programa “A Laracha Activa” recolle 7 rutas de poden ser realizadas facendo sendeirismo e/ou a través de bicicleta, sendo as seguintes:

- Ruta de Caión: 12 quilómetros dende a Praza do Concello ata o Santuario dos Milagres de Caión.
- Circular BTT A Laracha-Soandres-A Laracha: 40 quilómetros que recorren as áreas rurais do municipio.
- O vibrar do río Anllóns: 13 quilómetros que recorren o río Anllóns e circula a través do diversos muíños que nel se albergan.
- Ruta muiñeira a ritmo do río Acheiro: 4 quilómetros que comezan e finalizan no Museo dos Muíños de Golmar.




- As pegadas do Bradoso: 7 quilómetros que comeza e remata na escola unitaria de Cumiáns.
- O sentir de Soandres: 16 quilómetros que recorren a parroquia de Soandres, comezando e finalizando no mosteiro de San Pedro de Soandres.

#### 14.4. SATISFACCIÓN CO ESPAZO PÚBLICO

Unhas das cuestións abordadas nos encontros cos nenos e nenas de 5º e 6º de EPA foi respecto á satisfacción co seu entorno concreto. Así, o 86% das respostas sinalaron atoparse “moi” ou “bastante” satisfeitos/a coa súa contorna, sendo só un 6% os que están “nada” ou “pouco”.

Gráfico 44. Satisfacción co espazo público para os nenos e nenas



Fonte: Encontros Participativos celebrados nos CEIPs

Dentro destas percepcións, as valoracións positivas tenden a estar vinculadas á presenza de espazos para xogar e onde poder camiñar sen perigo, sen ruído e de xeito cómodo. Da mesma forma, a insatisfacción ou a crítica está derivada da falta ou necesidade de mellora respecto ao anterior:

“Eu en xeral síntome ben onde vivo, teño sitios para xogar e podo ir camiñando, pero entendo que outros nenos de sitios máis apartados non teñen tanto sitio onde poder xogar e teñen que moverse moito no coche se queren estar con outros nenos facendo cousas” (Neno de 5ª de Primaria do CEIP Alfredo Brañas)

“A ver, gústame pero poño algo porque creo que estaría ben que tivéramos mais parques ou algún sitio máis onde poder estar e que sexa para a nosa idade, porque

todos os parques que vexo son moi para bebés” (Nena de 6ª de Primaria do CEIP de Caión)

Nese sentido, sinalan que os parques infantís non contan coa dotación para que os nenos e nenas das idades de 5º e 6º de EPA poidan desfrutalo dun xeito completo, ao estar fortemente vinculados a idades máis temperás. Así, non se sinala unha imperiosa necesidade de novos parques para as súas idades, se non que os parques teñan unha dinamización diferente, na que poidan convivir as diferentes idades que abarcan a infancia. Tamén, falan incluso da importancia de dotar estes espazos de lugares nos que as persoas adultas tamén poidan descansar e pasar o tempo:

“A min gustaríame que puxesen máis bancos e céspede onde o parque do Concello, porque vou co meu avó e non ten moito sitio onde poder descansar. Pero, bueno, non só por el se non porque nos tamén queremos descansar pero a nos tamén nos vale estar tirados na herba” (Neno de 5º de Primaria do CEIP Otero Pedrayo)

Do mesmo xeito, o alumnado de 1º da ESO sinala como este espazos teñen un carácter moi infantil para o seu uso e disfrute. Así, para eles sería interesante repensar estes espazos a través de formas máis innovadora nas que se teña como fundamental visión:

- Que estean pensados para as diferentes necesidades das diferentes idades.
- Que se doten de espazos nos que poder estar, máis aló de xogar.
- Que os elementos de protección non sexan meramente o caucho, se non que se aposte por outras fórmulas, así como a de facer un bo mantemento destes espazos.
- Que se desenvolva un cambio estético, que os faga máis bonitos para todas as idades.

## 15. PARTICIPACIÓN E GOBERNANZA

En primeiro lugar, compre sinalar que o municipio da Laracha non conta con normativa propia en materia de participación cidadá e, por tanto, non existen Órganos ou Institucións que dinamicen unha participación institucionalizada e formalizada. Tamén, tal e como sinalan as fontes directas do propio Concello, non se conta con programas de participación cidadá nin formación concreta nesta materia para o persoal das diversas áreas municipais. Do mesmo xeito, non se conta con programas de fomento da participación infantil e adolescente nin órganos concretos que formalicen a mesma.

Tamén, compre sinalar a existencia dende o ano 2013 de un Consello Escolar Municipal que serve de órgano de coordinación entre os diversos Colexios de Educación Infantil e Primaria, o Instituto, persoal da administración pública a nivel local e autonómico, as ANPAS, os sindicatos



e os partidos políticos da oposición. Así pois, este Consello non conta con actividade nin conta con representación do alumnado de Educación Primaria nin de Educación Secundaria, máis pode constituírse como un elemento a poñer en marcha para o fomento da participación dos NNA do municipio da Laracha, contando xa con base administrativa e estrutural. Elemento que contará co desenvolvemento dun Órgano de Participación de Infancia e Adolescencia, o que dinamizará a participación das idades máis temperás na realidade local da Laracha.

Nese sentido, nos encontros participativos contouse con un proceso de información sobre este órgano de participación do que serán parte fundamental e activa como conselleiros. Así, para os nenos e nenas dos centros educativos preséntase, nas súas palabras, unha oportunidade para que as súas opinións sexan escoitadas e poidan mudar a realidade local de xeito inclusivo para todas as idades e todas as realidades existentes no municipio. Así, trátase, nas súas palabras, de que:

“Os nenos e as nenas temos unha forma distinta de ver o mundo, polo que se se nos escoitase, podemos aportar novas ideas nas que as persoas adultas non se paran a pensar.” (Neno do CEIP Otero Pedrayo)

Mais, mentres que para estes nenos e nenas o espazo supón unha oportunidade real, onde si serán escoitadas as súas opinións, para o alumnado de 1º de ESO existe tanta dúbida ao respecto se as súas opinións serán verdadeiramente tidas en conta. Así, un 63% dos participantes sinala que a súa opinión non se terá en conta, o que fai preciso que para levar a cabo este proceso de participación en marcha sexa acompañado un proceso de actuacións reais e de escoita activa real e efectiva. Malia iso, foron moitas as persoas destes grupos-aula as que sinalaron que, en caso de ser un escoita real, estamos fronte unha interesante oportunidade para eles e elas:

“Nos vemos cousas que a institución non, así que é interesante que poidamos trasladalas ao Concello e que nos escoiten.” (Neno de 1º de ESO)

“Si que estaría ben que nos escoitase, porque seguramente poidamos aportar moito máis do que creen.”(Neno de 1º de ESO)


“Podemos expresar o que a nos verdadeiramente nos interesa.” (Nena de 1º de ESO)

Por outra banda, dende a administración local si se levan a cabo reunións de coordinación entre as diferentes institucións públicas (CEIPs, IES, Centros de Saúde, etc.), tendo un total de 16 reunións dende o ano 2018. Nese sentido, ese marco de entre 3 e 4 reunións por ano, permite contar con unha base de coordinación que pode ser reforzada a través do desenvolvemento de novas estruturas participativas, como é o caso dos Consellos de Participación local.



Seguidamente, a través dos encontros coas ANPAs e o tecido asociativo, podemos observar un compromiso do público adulto en iniciativas deste tipo. Así, para cerca do 95% dos participantes a iniciativa de creación dun Plan de Infancia e Adolescencia, así como un órgano de participación na que os nenos, nenas e adolescentes poidan desenvolver a súa visión sobre as necesidades do municipio, é “Moi necesario” ou “Bastante necesario”. Da mesma forma, a totalidade das asociacións presentes no encontro mostraron o seu interese en colaborar na dinamización das actividades do Órgano de Participación de Infancia e Adolescencia, sexa a través das dinámicas do seu xa traballo previo con estas idades ou a través de calquera outra forma.

Gráfico 45. Percepción da necesidade de creación do Órgano de participación de Infancia e de Adolescencia



Fonte: Encontros Participativos celebrados coas ANPAs e as asociacións do municipio da Laracha.

## 16. O MUNDO QUE QUEREMOS

Nos encontros celebrados nos centros educativos, os participantes falan en torno a como sería un mundo gobernado por eles mesmos e mesmas. Así, na seguinte táboa, recóllense os eixes temáticos sobre os que trataron as diferentes intervencións dos nenos e nenas:

Táboa 29. Relación de ideas máis mencionadas polos nenos e nenas de 5º e 6º dos CEIPs de 1º de ESO do IES da Laracha no referido a un mundo gobernando por eles mesmos.

Temas
Lecer e tempo libre
Equipamentos e zonas verdes
Medio ambiente
Economía
Educación
Mobilidade e seguridade viaria

Fonte: Encontros Participativos celebrados nos CEIPs



Así, en primeiro lugar, destaca a cuestión dun mundo máis caótico, argumentando que a falta de coñecemento sobre como facer certas cousas e o descoñecer a xestión de certas responsabilidades podería traer consigo problemas a ese mundo gobernado polos nenos e nenas. Mais, tras esta cuestión negativa ábrese a necesidade de unha relación interxeneracional, onde os nenos e nenas poidan dar as súas opinións mentres que aprenden e escoitan aas persoas adultas sobre diversos temas que poidan ser descoñecidos.

Nese sentido, para os nenos e nenas, esta capacidade de ser escoitados traería consigo mais espazos de xogo, pensados para todas as idades, e unha maior autonomía ao poder decidir que facer e onde, sendo a rúa un espazo máis de xogo e de vida que un espazo de tránsito. Por outra banda, consideran que podería ser un modelo de xestión máis innovador e creativo, onde os espazos contarían con máis cor e as novas ideas poderían desenvolverse dunha forma máis sinxela e inclusiva, valorando a todas as idades. Así, sobre estas cuestións, podemos destacar unha das intervencións feitas dende o CEIP Otero Pedrayo:


“Si, melloraría, en que os nenos e adultos teñen puntos de vista distintos e se o gobernanan os nenos, nenas e adolescentes, tamén se faría esta actividade de que as persoas adultas puideran opinar.” (Nena do encontro do CEIP Otero Pedrayo)

Por outra banda, tamén os nenos e nenas de 5º e 6º de EPA foron preguntados pola Laracha que queren nun futuro. Para eles, este municipio debe ser, esencialmente, divertido, seguro e bonito e o que é dicir, un municipio construído para que poida ser vivido e disfrutado para eles e para todas as idades. Así, unha localidade na que poidan contar con un espazo público agradable e no que se as posibilidades de perigo (ben sexa por delincuencia ou por cuestión relacionadas co tráfico) sexan mínimos, para que así poidan disfrutar do mesmo de forma autónoma e coas súas familias.




Ciudades  
Amigas  
de la Infancia

Imaxe 10. Nube de Palabras resultante dos encontros co alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria



Fonte: Encontros Participativos celebrados nos CEIPs



## Análise DAFO

"Teríase en conta a nosa opinión e a de todos os nenos, así que teríamos cousas deseñadas para que todos os nenos o pasasen ben."



## 17. ANÁLISE DAFO

A continuación, desenvólvense unha matriz DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) do Concello da Laracha en materia de infancia e adolescencia. Esta matriz ten como esenciais funcións a de permitir aglutinar, de forma conxunta, as conclusións das diversas temáticas alcanzadas no presente diagnóstico , que abarcan a infancia e adolescencia, e a orientación do futuro I Plan da Infancia e da Adolescencia neste noso municipio da Laracha.

Dese xeito, recóllese a matriz en base ás áreas de traballo, en base aos diferentes indicadores establecidos no marco da iniciativa Ciudades Amigas da Infancia, sendo os seguintes:

- O dereito a ser valorado/a, respectado e tratado/a xustamente
- Dereito a ser escoitado
- Dereito a servizos esenciais
- Dereito a vivir en contornas seguras e limpas
- Dereito a ser neno/a



## 17.1. O DEREITO A SER VALORADO/A, RESPECTADO/A E TRATADO/A XUSTAMENTE

<b>Debilidades</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Non existen programas de concienciación nas aulas ou a través de programas municipais sobre a exclusión social.</li><li>▪ Falta de formación en materia de dereitos da infancia e da adolescencia do persoal municipal, máis aló do persoal especializado nesta área.</li><li>▪ Reducida presenza de pais nas actividades destinadas para a súa formación no marco das “Escolas de pais/nais”.</li><li>▪ Falta de programas de integración para nenos, nenas e adolescentes inmigrantes.</li></ul>
<b>Ameazas</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Baixa implementación de programas e recursos que aborden as novas tipoloxías de adicións (videoxogos, redes sociais, pornografía, etc.).</li><li>▪ Diferentes realidades municipais territoriais que poden supoñer elementos desiguais se non se xestiona de forma correcta, sendo necesario garantir un igualitario acceso aos servizos e recursos municipais.</li><li>▪ Aumento do número de usuarias maiores de idade e usuarios/as de menores de idade dos recursos destinados para as vítimas de violencia de xénero.</li></ul>
<b>Fortalezas</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Existencia de programas municipais destinados á protección de persoas con diversidade funcional a través da atención primaria e a través de outros recursos dos servizos sociais.</li><li>▪ Presencia de programas escolares para a concienciación en materia de igualdade e non discriminación.</li><li>▪ Recursos propios para o desenvolvemento de xornadas de concienciación e formación en diversas materias de igualdade, xestión emocional, a non discriminación e a integración educativa.</li><li>▪ Tendencia ao incremento dos recursos destinados para o apoio e protección das vítimas de violencia de xénero.</li><li>▪ Ordenanza municipal en materia de convivencia cidadá na que se garante a realización de formación e divulgación por parte das institucións municipais.</li></ul>
<b>Oportunidades</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Existencia dun Espazo de Coordinación Interdepartamental que pode facilitar o desenvolvemento de accións formativas en materia de infancia, igualdade e non discriminación.</li><li>▪ Actividades de concienciación social destinadas para pais e nais implantadas, que poden ser aproveitadas para nutriras de máis dinamismo e maior diversidade de temáticas a tratar.</li><li>▪ Implicación do tecido asociativo para levar a cabo accións de concienciación social.</li></ul>



## 17.2. O DEREITO A SER ESCOITADO

<b>Debilidades</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Falta dun regulamento en materia de participación cidadá local.</li><li>▪ Carencia de órganos de participación cidadá entre poboación adulta (consellos, mesas, foros, etc.).</li><li>▪ Non se conta coa presenza de nenos e nenas nos consellos escolares dos CEIPs, nin con presenza do alumnado para o caso do Consello Escolar de Centro.</li></ul>
<b>Ameazas</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Non se conta con actuacións previas en materia de participación, o que, de comezo, pode xerar situacións negativas (falta de implicación de adultos, nenos e adolescentes, desconfianza, etc.).</li><li>▪ Desconfianza por parte das idades da ESO en que a súa opinión se teña en conta en órganos de participación, como pode ser, por exemplo, o Órgano de Participación Local de Infancia e de Adolescencia.</li></ul>
<b>Fortalezas</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Presenza de actividades e/ou dinámicas de participación dentro de moitas aulas dos diversos centros escolares, especialmente nos cursos de Educación Primaria, no referido á democracia participativa.</li><li>▪ Existencia de reunións de coordinación previas entre axentes chave no día a día dos nenos, nenas e adolescentes (coles, servizos sociais, centro sanitarios, etc.) e a administración local.</li><li>▪ Motivación do alumnado para ser parte de actividades e dinámicas de participación, resultado do traballo nas aulas e nas características concretas do municipio.</li><li>▪ Compromiso por parte do tecido asociativo para a colaboración ao longo do proceso de participación.</li><li>▪ Persoal municipal implicado para levar a cabo procesos e iniciativas de participación cidadá na que se teñan en conta as percepcións dos nenos, nenas e adolescentes.</li></ul>
<b>Oportunidades</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Base de coordinación previa que pode ser dinamizada e activada para facilitar e artellar do mellor xeito posible a participación dos nenos, nenas e adolescentes.</li><li>▪ Sentimento de pertenza ao municipio e/ou ao lugar de residencia, o que se resulta nunha implicación nas necesidades e posibilidades de melloras.</li><li>▪ Movemento poboacional dinámico en comparación coa contorna, contando con un aumento da poboación total e nova nos últimos anos.</li><li>▪ Compromiso de varios nenos, nenas e adolescentes para formar parte do Órgano de Participación de Infancia e Adolescencia.</li><li>▪ Sensación por parte dos nenos e nenas de que as iniciativas de participación propostas pola administración local poden supoñer un efecto positivo para eles, para elas e para todo o municipio.</li></ul>



### 17.3. O DEREITO A SERVIZOS ESENCIAIS

<b>Debilidades</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Insuficientes servizos en materias como sexualidade ou diversidade funcional.</li><li>▪ Insuficientes recursos dispoñibles para a atención da saúde mental e a prevención do suicidio.</li></ul>
<b>Ameazas</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Forte presenza das tecnoloxías como forma de entretemento, o que pode derivar en casos de adicións e/ou outras problemáticas se non se xestiona de forma eficiente.</li></ul>
<b>Fortalezas</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Políticas públicas que favorecen a conciliación dun xeito amplo e que ten presente as necesidades particulares dos pais e nais, atendendo a criterios como a renda e as casuísticas laborais. Da mesma forma, cóntase cunha oferta suficiente para o volume de solicitudes.</li><li>▪ Existencia de fondos destinados a reducir a desigualdade no acceso ás aulas, a través do apoio para a compra de material escolar, así como para o reforzo académico dos nenos, nenas e adolescentes máis desfavorecidos mediante fondos municipais e autonómicos. Tal e como é o caso de Edixgal e axudas propias para reducir a fenda dixital nas aulas.</li><li>▪ Recursos municipais para a atención de menores con necesidades específicas, a través dos servizos ofertados de atención temperá e a través dos Servizos Sociais.</li><li>▪ Cóntase con amplos servizos de atención ás familias a través de dinámicas nas que se teñen en conta a formación ou prestación non só para os nenos, nenas e adolescentes se non que se pon atención aos pais e nais dos mesmos.</li></ul>
<b>Oportunidades</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Boas expectativas económicas da zona, trala chegada dos novos investimentos dentro da ampliación do polígono industrial.</li><li>▪ Boa oferta de formación en idiomas que poden ser aproveitados e articulados a través de programas municipais.</li><li>▪ Marco de protección social a través de ordenanzas municipais correcto a través de axudas a adultos e a súa familia.</li></ul>



## 17.4. O DEREITO A VIVIR EN CONTORNAS SEGURAS E LIMPAS

### Debilidades

- Eivas de mobilidade entre as zonas urbanas e rurais mediante transporte público.
- Falta de espazos en solo urbano nos que se conte cunha maior presenza de elementos naturais (céspede, árbores, etc.) e forte presenza de elementos en base de cemento e goma.
- Parques infantís especializados para idades concretas, con falta de infraestrutura para facilitar a convivencia entre diferentes idades, do mesmo xeito que se garanta unha seguridade efectiva.
- Inexistencia dun camiño escolar sinalizado nos centro educativos , o que se traduce en que moitos nenos e nenas vaian ao cole en coche ou en bus, a pesar d estar preto a pé.
- Falta de programas de concienciación ambiental concretos, máis aló dos inseridos dentro da acción lectiva escolar, dentro de algún CEIPs.
- Inexistencia dun Plan de Mobilidade Sostible e de Accesibilidade Universal ou similares, no que se teña en conta a humanización do espazo público nin se desenvolva a través da perspectiva dos nenos, nenas e adolescentes.

### Ameazas

- Dispersión de lugares e áreas residencias fóra do casco urbano con respecto a este.
- Gran fluxo de tráfico na principal rúa do municipio, que o atravesa, xerando en algúns puntos unha sensación de inseguridade para as persoas de todas as idades.
- Non se conta con actuacións e/ou infraestruturas para facilitar o movemento mediante bicicleta ou patinete dentro do casco urbano.
- Certa sensación de incremento da inseguridade, no referido a mobilidade e convivencia.

### Fortalezas

- Boa demarcación e situación de rutas e sendeiros para o paseo a pé e en bici, como forma de ocio, entre as diferentes áreas do municipio.
- Presenza de actividades e programas de concienciación para o coidado do espazo natural e urbano público dirixidos dende as administracións e, especialmente, dende os centros educativos.
- Existen medidas de protección da contorna escolar nas horas de entrada e saída na totalidade dos CEIPs e do IES.
- Cóntase con programas de concienciación en seguridade vial dende a administración local, os centros educativos e asociacións da área.
- A vila de Caión conta con un espazo que se percibe como seguro para andar e ir en bici, así como para o xogo e disfrute da rúa.
- Reducido número de casos de sinistro, especialmente aqueles que contan con vítimas mortais.
- Tendencia dos nenos, nenas e adolescente a disfrutar da oferta de ocio deportivo do que dispón o municipio, sexa a través dos recursos municipais ou a través dos clubs deportivos.



## Oportunidades

- Gran diversidade de espazos público, contando con áreas máis urbanas e outras nas que se conta con unha maior presenza da natureza e infraestrutura verde e azul.
- Tamaño da área urbana pequena-mediana que facilita un sentimento de pertenza e de veciñanza, o que facilita a autonomía e a percepción de seguridade.
- Preferencia dos nenos e adolescentes por estar na rúa, indicativo da existencia actual de certo nivel de comodidade entre esas idades respecto ao uso do espazo público do municipio.
- Iniciativas de concienciación ambiental a nivel municipal e escolar xa existentes que poden ser empregadas para amplialas á totalidade dos centros educativos.
- Posta en marcha de actuacións de humanización do espazo público, que poden aumentadas e desenvoltas a través dunha planificación municipal máis ampla, na que os nenos, nenas e adolescentes poderían colaborar na mesma.
- Desenvolvemento de actuacións de mellora da accesibilidade que deben de ser ampliadas



## 17.5. O DEREITO A SER NENO/A

<b>Debilidades</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Percepción de que os nenos, nenas e adolescentes carecen de tempo autónomo e libre, estando copado polas actividades escolares e extraescolares.</li><li>▪ Falta de autonomía para os desprazamentos e a convivencia na rúa dos nenos e nenas derivado do medo e a inseguridade que perciben as persoas adultas.</li><li>▪ Menor presenza do público adolescente nas actividades de ocio levadas dende a administración local.</li><li>▪ Reducida presenza de actividades culturais nos intereses dos nenos e nenas.</li></ul>
<b>Ameazas</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Alta dependencia do coche para a veciñanza de certas áreas do municipio, aquelas máis rurais, o que pode manter a forte presenza do coche no espazo público.</li><li>▪ Gran ocupación do tempo libre dos nenos e nenas por actividades extraescolares.</li><li>▪ Sensación de inseguridade vial por parte das familias no centro urbano, o que xera unha desconfianza pola autonomía dos nenos e nenas.</li></ul>
<b>Fortalezas</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Diversidade de actividades de ocio para nenos, nenas e adolescentes.</li><li>▪ Presenza de espazos culturais e deportivos que responden de xeito correcto ás demandas do público infantil e adolescente, sendo incluso posible ampliar o catálogo cos espazos dispoñibles.</li><li>▪ Boa implementación dos programas de concienciación en materia de deporte, vida activa e alimentación saudable dentro dos Centros de Educación Primaria.</li><li>▪ Espazos naturais con bo acceso, incluso dentro do ámbito urbano, o que facilita a exploración e o entendemento co medio para os nenos, nenas e adolescente.</li></ul>
<b>Oportunidades</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Gran número de espazos deportivos e socioculturais que os nenos, nenas e adolescentes poderían aproveitar dun xeito máis autónomo, máis aló de actividades acoutadas.</li><li>▪ A presenza de espazos urbanos, rurais e de litoral mariño permite dinamizar unha ampla oferta de actividades de ocio e de formación que pretendan un contacto e exploración entre os distintos espazos existentes.</li><li>▪ Dispoñibilidade de actividades culturais que poden ser aproveitadas para ser dinamizadas a través das iniciativas do Órgano de Infancia e Adolescencia.</li></ul>



Validación

"Gústanme os sitios chulos da Laracha"


## 18. VALIDACIÓN

Coa intención de desenvolver unha diagnose participativa, foi realizada unha validación por parte do Espazo de Coordinación Interdepartamental e o Espazo de Participación de Infancia e de Adolescencia.

### 18.1. VALIDACIÓN DA DIAGNOSE POR PARTE DO EICI

Para a validación por parte do EICI, foi preciso a remisión do presente documento ás diferentes persoas encargadas da representación de cadansúa área dentro do Concello da Laracha. Tras a revisión, celebrouse un encontro participativo na que se pretendía, por unha banda, que a información recollida no presente documento recollese a información oportuna para os diferentes departamentos e que, en segundo lugar, os diferentes axentes puidesen facer calquera tipo de aportación a incluír na diagnose. No encontro, un 75% sinalaron que a diagnose recollía de forma correcta os principais aspectos que afectan á infancia e a adolescencia. Xunto a este número, ningunha das persoas participantes sinalou que faltase algún elemento a abordar na mesma.

*Gráfico 46. Porcentaxe de persoas do EICI que consideran que se aborda de forma correcta as principais cuestión que afecta á infancia e a adolescencia*



*Imaxe 11. Encontro de validación co EICI da diagnose da situación da infancia e da adolescencia do Concello da Laracha*





## 18.2. VALIDACIÓN DA DIAGNOSE POR PARTE DO EPIA

Ao contar o municipio da Laracha cun Espazo de Participación para NNA xa constituído, preténdese contar coa súa implicación neste proceso de deseño do Plan Local de Infancia e de Adolescencia. Por iso, formaron parte da validación da presente diagnose, abordando os diferentes temáticas recollidas na diagnose a través de dinámicas participativas e interactivas, que permitisen atallalos a través do xogo.

Nese sentido, nunha primeira dinámica recolleron aquelas cuestión que destacaban como positivas e aquelas que destacaban como negativas no municipio da Laracha, para posteriormente realizar propostas sobre as mesmas. Nese sentido, as cuestións destacadas como positivas foron as seguintes:

- Espazos naturais amplos, bonitos e desfrutables
- Gran cantidade de equipamento de ocio (bibliotecas, parques, etc.)
- Seguridade e boa convivencia entre persoas do municipio

Mentres, como cuestións negativas destácanse as seguintes:

- Inseguridade para os desprazamentos a pé e en bici
- Beirarrúas estreitas que dificultan o paseo a pé
- Alta velocidade dos coches nas zonas máis urbanas do municipio
- Espazos de ocio, como parques, cun equipamento unicamente infantil, o que fai que para moitas idades non sexa interesante empregalos
- Espazo público gris e pouco bonito
- Incivismo e falta de concienciación en materia de medio ambiente, especialmente no relacionado coa xestión de residuos

*Imaxe 12. Recollida de aspectos negativos, positivos e propostas para o municipio da Laracha do EPIA*





Posteriormente, completaron este proceso de validación a través dun **Barómetro**, no que se recollían afirmacións construídas en base aos datos presentes na diagnose. Así, os resultados recollidos amosaron unha semellanza cos recollidos ao longo da diagnose:

Táboa 30. Barómetro de opinión realizado polo EPIA no marco da validación da diagnose de PLIA

	Desacordo	Neutral	De acordo
Gustaríame que na Laracha houbera máis facilidades para poder desprazarme a pé	0	5	16
Gustaríame que na Laracha houbera máis facilidades para poder desprazarme en bici ou patinete	0	1	20
Gustaríame que na Laracha se teña máis en conta a opinión dos NNA	0	0	21
Gustaríame saber máis do pasado e do presente do meu concello	0	0	21
Coñezo ben os dereitos e deberes da infancia e da adolescencia	2	9	8
Gustaríame que os NNA tivésedes unha maior autonomía das persoas adultas	0	0	18
Quixera facer da Laracha un lugar máis seguro para os NNA	0	0	18
Os equipamentos culturais da Laracha son suficientes	18	1	0
E os equipamentos deportivos tamén	18	1	0
Temos suficientes espazos de lecer para a infancia e a adolescencia no noso municipio	18	1	0
Encántanme as áreas recreativas que temos na Laracha	7	12	0
Na Laracha a xente é moi respectuosa co noso medio natural	7	12	0
Os NNA na Laracha temos moitas cousas para facer, non nos podemos aburrir	15	4	0



## Conclusións

“Gustaríame que o municipio fose máis seguro e tranquilo: con menos coches e con menos ruído”



## 19. CONCLUSIONES

O presente documento establécese como unha diagnose de partida, que nos permita coñecer a situación da infancia e da adolescencia do Concello da Laracha, coa intención de desenvolver unha planificación que permita que as diversas realidades da infancia e da adolescencia poidan contar cos recursos e os apoios precisos para desenvolverse dun xeito autónomo e seguro. Para iso, tras a definición das Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades das que dispón o municipio, compre contar con unha conclusión dos retos que debe afrontar a Laracha nesta materia. Para iso, estes retos terán que ser chave para a definición de obxectivos a curto e medio prazo para a mellora do benestar e dos dereitos da infancia e da adolescencia.

Así, este conxunto de retos serán desenvolto a través dos cinco obxectivos da iniciativa Ciudades Amigas da Infancia, tendo, tamén, como referentes os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 das Nacións Unidas. Nese sentido, os retos definidos para o Concello da Laracha desenvólense a continuación.

*Táboa 31. Relación dos retos que se deben afrontar no Concello da Laracha en base aos Obxectivos da iniciativa Ciudades Amigas da Infancia de UNICEF*

<b><i>Obxectivo da iniciativa Ciudades Amigas da Infancia</i></b>	<b><i>Reto</i></b>
<b><i>Cada neno, nena e adolescente é valorado, respectado e tratado xustamente dentro das súas comunidades</i></b>	Desenvolver a concienciación dos nenos, nenas e adolescentes en materia de igualdade de trato e a non discriminación.
<b><i>As voces, necesidades e prioridades de cada neno e nena téñense que escoitar e considerar nas normativas e políticas públicas, nos orzamentos e en todas as decisións que lles afectan</i></b>	Consolidar o Órgano de Participación de Infancia e Adolescencia como elemento fundamental no desenvolvemento da participación infantil e adolescente e a gobernanza, así como fomentar o sentimento de pertenza e cidadanía o municipio



<p><i>Todos os nenos e nenas teñen acceso a servizos esenciais de calidade</i></p>	<p>Garantir a infancia e adolescencia saudable en todas as súas implicacións (saúde física e mental, sexualidade, etc.) así como unha educación e formación de calidade.</p>
<p><i>Todos os nenos e nenas viven en contornas seguras e limpas</i></p>	<p>Facer do espazo público larachés, especialmente das súas vilas, un espazo seguro e agradable, no que os nenos, nenas e adolescentes convivan coas demais idades.</p>
<p><i>Todos os nenos e nenas teñen a oportunidade de disfrutar da vida familiar, o xogo e u ocio</i></p>	<p>Transformar o espazo público e os recintos acoutados para o xogo dos máis pequenos a través dunha perspectiva na que os nenos, nenas e adolescentes de todas as idades poidan disfrutar do mesmo.</p>



CONCELLO  
DA LARACHA